Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a posibilidade de solicitarlle ao Goberno de España a modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar para incrementar o coeficiente redutor dos mariscadores

- 26028 - 15297 (10/PRE-007476)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre os obxectivos dos distintos convenios asinados polo Goberno galego coa asociación de empresarios de construción naval en madeira, Agalcari, para impulsar a carpintería de ribeira, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto das iniciativas de posta en valor das embarcacións tradicionais e das carpinterías de ribeira

- 26107 - 18634 (10/PRE-007498)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do malestar xerado nos colectivos de membros do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación co decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 28 de xullo de 2017, a súa opinión en relación coas melloras que introduce ese decreto e a súa valoración respecto da redacción que presenta

- 25871 - 19014 (10/PRE-007499)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos efectos do estado de saneamento das rías na produción marisqueira, a súa opinión referida ás causas da súa diminución e as xestións realizadas ou previstas ante a Unión Europea para acadar un tratamento distinguido para as zonas de cultivo e extracción de bivalvos que redunde na mellora das condicións e da protección do sector no caso de dificultades para o traballo

- 26104 - 19457 (10/PRE-007504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 23 de xuño de 2017 en relación coa situación de peche da pesqueira da cigala na zona VIIIc e as súas repercusións para a frota galega de arrastre

- 26101 - 19871 (10/PRE-007510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xestión para a construción dunha rampla no peirao de Esteiro, en Muros, para a baixada e subida de embarcacións, o mantemento dalgunha conversa co patrón maior de Muros ao respecto e, se é o caso, os compromisos acadados

- 26391 - 20625 (10/PRE-007512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación de perda progresiva de contacto co sector que existe entre os investigadores e os traballadores directos do mar, o estudo da posibilidade de creación dunha entidade autonómica que aglutine e coordine os labores de investigación relacionados co sector pesqueiro e o coñecemento das súas demandas referidas á necesidade dunha investigación máis aplicada e de máis impacto, así como as previsións ao respecto

- 26389 - 21237 (10/PRE-007518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgunha actuación de estudo ou rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón, así como das regresións dos areais e correntes da zona e, se é o caso, os prazos previstos para eses fins

- 26116 - 21399 (10/PRE-007520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións concretas e os prazos previstos polo Goberno galego para a recuperación das embarcacións tradicionais, a valoración da posibilidade de garantir espazos para o seu amarre nas dársenas de titularidade autonómica e as súas intencións respecto da creación da figura das 'mariñas tradicionais' naqueles portos onde existe frota de embarcacións tradicionais, así como as medidas que vai adoptar para posibilitar a actuación do sector marítimo-cultural como axente dinamizador nos portos autonómicos

- 26097 - 21530 (10/PRE-007522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación do relevo xeracional no sector pesqueiro, as medidas que vai adoptar para garantilo e as actuacións concretas previstas ao respecto, así como a súa opinión en relación coa incidencia que van ter nel os recortes orzamentarios levados a cabo en materia de formación para a xuventude e na axuda inicial para persoas novas pescadoras

- 25996 - 22213 (10/PRE-007532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos

- 26025 - 23608 (10/PRE-007615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o prazo de apertura para o albergue de peregrinos e peregrinas de Ourense, a súa accesibilidade e as actuacións que vai levar a cabo Turismo de Galicia para dar a coñecer esta nova infraestructura

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14277**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas respostas ás iniciativas con número de rexistro 11268, 11269, 11270 e 11271, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 26313**  
Data envío: 15/02/2018 18:57:48.138

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:57:43**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14914**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario en relación coa violencia de xénero no medio rural”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Información á Muller (CIM) constitúen instrumentos de grande importancia no ámbito local para a promoción da igualdade de xénero, tanto polas actividades que desenvolven como pola atención de proximidade que prestan ás persoas que demandan o seu servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles.

Actualmente en Galicia están acreditados 81 Centros de Información ás Mulleres, acreditándose en 2017 tres novos CIMS: Mos, Mancomunidade Conso Frietas e Mancomunidade de Verín.

Tal e como aparece recollido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, a decisión de constituír un CIM é vontade e competencia das entidades locais.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia valora moi positivamente que as entidades locais decidan constituír novos Centros de Información á Muller e apoia o seu funcionamento mediante unha contribución económica estable: o programa de apoio aos CIM da Xunta de Galicia ten investido un total de 28,3M€ dende 2009 ao 2017 no funcionamento destes centros.

No que atinxe ás medidas de sensibilización executadas dirixidas aos concellos do medio rural, concretamente aos adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, cómpre salientar:

1.- 'Violencia de xénero e o novo contexto dixital', obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting....

2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións.

3.- 'I'll be Watching You' II (Hei estar vixiándote II). Espectáculo lúdico-musical e pedagóxico que analiza os roles de xénero que transmiten as cancións de temática amorosa.

4. Exposicións:

4.1.- 'Á Violencia de Xénero... Dille NON!', exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.

4.2.- 'Cartas de Amor', exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.

5.- Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- Charlas informativas sobre a violencia de xénero, a cargo de persoal do Centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.

7.- Charlas informativas sobre a trata de seres humanos, preferentemente mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a cargo de persoal especializado na atención ás vítimas deste delito denominado xa a nova escravitude do século XXI.

Ademais destas actuacións levouse a cabo outra actuación nos concellos, denominada Programa MUMAI: Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero.



Abordaxe da igualdade e da prevención violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia.

Por último, cómpre sinalar que a Secretaría Xeral da Igualdade convoca anualmente a orde de axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres. Esta orde conta con dúas liñas de axuda e, unha delas é dirixíxese á promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, relativas á sensibilización e concienciación social, información ou formación en materia de igualdade e de prevención da violencia de xénero.

Á devandita orde poden concorrer e concorren asociacións de mulleres rurais. De feito, na resolución desta orde de axudas publicada no DOG o 7 de setembro de 2017, das 94 asociacións de mulleres que recibiron subvención, foron 67 as asociacións de mulleres rurais, o que supón o 71,3%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 26311**  
Data envío: 15/02/2018 18:57:28.184

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:57:10**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15039**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego da actuación da Fiscalía en Ourense nun caso de violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Poder Xudicial constitúese como un poder propio e independente no noso marco normativo, dentro do que se incardina o Ministerio Fiscal.

A actuación do Ministerio Fiscal está orientada polos principios de legalidade e imparcialidade (artigo 124.2 da Constitución Española). As súas posicións nun caso concreto poden ser discutidas e confrontadas polas partes procesuais presentadas, sendo en última instancia o xuíz quen decide a controversia, decisión xudicial que tamén se pode cuestionar a través do sistema de recursos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 26215**  
Data envío: 15/02/2018 09:04:41.758

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 9:04:19**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15172**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da existencia dunha axeitada prestación de servizos financeiros en Galicia, en particular no medio rural”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 18 de abril de 2017 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con Nº de rexistro 6498.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 13:06**  
**Nº Rexistro: 26007**  
Data envío: 12/02/2018 13:06:48.501

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:06:42**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15298**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto das iniciativas de posta en valor das embarcacións tradicionais e das carpinterías de ribeira”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar aposta pola dinamización e polo impulso da construción de embarcacións en madeira, debido a que conxuga tradición e futuro, facendo fincapé neste tipo de construción de embarcacións que fomentan as técnicas de navegación e dos oficios do mar. Ademais, este tipo de embarcacións teñen unha maior adaptabilidade ao medio e valor ambiental pola súa menor pegada de carbono.

Por tanto, anunciar que efectivamente se teñen levado accións concretas para a recuperación de embarcacións tradicionais. Concretamente para o pasado ano 2017 se asinou un convenio entre a Consellería do Mar e a Asociación Empresarial Galega de Carpinterías de Ribeira (en adiante, Agalcari), por unha contía de 28.000 euros. As finalidades deste convenio son as seguintes:

- A realización das actividades propias da dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Actividades de funcionamento da propia Asociación en canto contribúe a dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Mantemento e actualización da páxina web da Asociación.
- Edición de boletíns informativos e calquera outro gasto de difusión sobre as actividades.
- Organización de reunións, seminarios, congresos, feiras e outros ou no seu caso asistencia a este tipo de eventos que teñan como obxecto a promoción e fomento da construción naval en madeira.
- Realización de estudos e edición de publicacións sobre a carpintería de ribeira.

- Adquisición de equipamento necesario para o funcionamento da asociación ou a realización das actividades.

Agalcari é unha Asociación de empresarios de construción naval en madeira que ten como misión a dinamización económica e produtiva da construción naval en madeira e as súas empresas, o recoñecemento social da actividade e a protección e preservación do seu inestimable valor como parte viva do patrimonio marítimo, cultural e etnográfico.

Integran esta entidade un total de 20 estaleiros, dando emprego directo a máis de cen persoas, e indirectamente a cincocentas personas.

En cando a se se garanten espazos nos portos de titularidade autonómica, sinalar que sí, e existen portos con dársenas que xestionan directamente algunha destas asociacións que se dedican á posta en valor destas embarcacións. Por outra banda, en canto a se se vai a facilitar a creación de 'Mariñas tradicionais' hai que dicir que xa se están facendo en distintos portos de Galicia.

Por último, dentro das medidas para fomentar o sector marítimo – cultural como axente dinamizador dentro dos portos, incidir no xa sinalado na Comisión 8ª, que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, despois dun traballo conxunto con AGALCARI e con outros expertos, incoou a declaración coma Ben de Interese Cultural (BIC) da manifestación sobranceira do patrimonio inmaterial de Galicia da técnica da carpintería de ribeira, a maiores de todas as accións de promoción anteriormente sinaladas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26027**  
Data envío: 12/02/2018 16:07:58.930

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 16:07:53**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15476**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da apertura dalgunha investigación en relación coa morte masiva do cabalón ou xarda pintada en determinadas zonas de Galicia, en concreto, na ría de Vigo”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A pesar de que non houbo denuncia oficial algunha, o Servizo de Gardacostas de Galicia, a raíz da aparición nun medio de comunicación dun vídeo filmado por un buzo investigador no que se vía unha grande cantidade de peixe morto no fondo mariño, inmediatamente comezou unha investigación para intentar coñecer a veracidade e o alcance do asunto.

Esta situación puxémola en coñecemento da Delegación do Goberno, que é quen ten as competencias por vertidos neste caso, que contactaron coa Garda Civil para intentar localizar o lugar da aparición do peixe morto, pero non foi posible ao non existir denuncia nin máis detalle a maiores desta publicación nun medio de comunicación.

Polo tanto, e ante esta situación decidíuse contactar co buzo que grabou as imaxes, pero tampouco puido detallar nin a cantidade nin o lugar exacto no que apareceron estes exemplares de ‘xarda pintada’ ademais de que a súa publicación produciuse varias semanas despois á toma das imaxes, polo que o grao de descomposición do peixe, xunto á súa desaparición por ser obxecto comestible doutros depredadores, non permitiu analizar o detalle do asunto

Desde a Delegación do Goberno infórmannos de que se ten solicitado un informe ao IEO a través da Capitanía Marítima de Vigo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:33**  
**Nº Rexistro: 26342**  
Data envío: 16/02/2018 13:33:55.875

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:33:50**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16537** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as razóns do lugar que ocupa Galicia, en relación co resto das comunidades autónomas, no referido ao crecemento da débeda pública no primeiro trimestre de 2017”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 22 de setembro de 2017 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 15074.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:02**  
**Nº Rexistro: 25922**  
Data envío: 09/02/2018 12:02:18.102

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:02:13**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17901**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez , sobre **“a opinión da Consellería do Mar respecto das causas da perda de produtividade marisqueira na ría de Arousa”**, (publicada no BOPG número 187 do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 24.10.2017- ao darlle resposta á pregunta 17902 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:33**  
**Nº Rexistro: 26340**  
Data envío: 16/02/2018 13:33:30.360

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:33:25**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18223**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a alternativa da Xunta de Galicia para o futuro da Estación de Esquí de Cabeza de Manzaneda”**, (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda está a vivir un bo momento grazas aos recentes avances no proxecto de innivación artificial que se levaron a cabo neste complexo, desde que abriu as súas portas o pasado 12 de xaneiro.

Estes novos dispositivos teñen como obxectivo asegurar as condicións de neve para alongar a tempada o máximo posible, nunha estación que, a día de hoxe, conta cun volume de esquiadores que supera os 20.000 no que vai de mes, cifra que se prevé incrementar con esta medida. Para acadalo, estase a traballar na posta en marcha deste sistema de xeración artificial de neve que fortalecerá o papel desta estación como un dos maiores recursos de Galicia no eido do turismo activo durante todo o ano, afondando así no obxectivo de desestacionalización que persegue o modelo turístico galego, con propostas atractivas tamén fóra de tempada alta.

A posta en marcha desta medida foi aprobada polo Consello de Administración da sociedade titular desta estación, Manzaneda Estación de Inverno SA (MEISA), na que a Xunta de Galicia forma parte do accionariado. Suporá a posta en valor deste complexo que conta, ademais, con instalacións para a práctica doutras disciplinas deportivas, zona infantil de xogos, zona multideporte para nenos, rocódromo, tiro con arco e mesmo paint ball.

A Estación de Manzaneda é a única estación de montaña e esquí de Galicia e constitúe un recurso con enorme potencialidade que está contribuíndo a afianzar o posicionamento de Galicia como destino turístico diferencial. Impulsarase o seu papel fóra de tempada alta, un

dos obxectivos marcados na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento consensuado co sector que fixa as liñas de traballo cara ao Xacobeo 2021 e que consolida o papel de Galicia como destino atractivo, de calidade, responsable e comprometido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26026**  
Data envío: 12/02/2018 16:07:31.039

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 16:07:26**



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 13:04**  
**Nº Rexistro: 25999**  
Data envío: 12/02/2018 13:04:15.312

Data 12/02/2018 13:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18242**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da translación que está a ter ás familias a mellora dos indicadores macroeconómicos”**, (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o día 2 de febreiro de 2018 polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao dar resposta á pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 22211.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 13:04**  
**Nº Rexistro: 25999**  
Data envío: 12/02/2018 13:04:15.312

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:04:10**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 12:01  
Nº Rexistro: 25920  
Data envío: 09/02/2018 12:01:57.883

Data 09/02/2018 12:01

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18298** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as razóns do deterioro que presentan as condicións de vida da maioría dos fogares galegos no terceiro trimestre de 2017, no actual escenario de crecemento económico”**, (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o día 2 de febreiro de 2018 polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao dar resposta á pregunta número 22211 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:01**  
**Nº Rexistro: 25920**  
Data envío: 09/02/2018 12:01:57.883

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:01:52**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18633**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do malestar xerado nos colectivos de membros do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación co Decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 28 de xullo de 2017”**, (publicada no BOPG número 195 do 18 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A lei de gardacostas establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distingue se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola asesoría xurídica xeral no seu informe do decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:41**  
**Nº Rexistro: 26108**  
Data envío: 13/02/2018 13:41:50.537

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:41:45**



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19013**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos efectos do estado de saneamento das rías na produción marisqueira”**, (publicada no BOPG número 200 do 25 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio**, que ten o seguinte contido:

“O argumento da perda produtiva xeral do marisqueo nas rías galegas nos últimos anos non se sostén se temos en conta os rexistros de descargas nas lonxas de Galicia.

O sector marisqueiro en Galicia explota un conxunto variado de recursos mariños, fundamentalmente:

- Moluscos bivalvos infaunais (ameixas e berberechos) que apañados polos colectivos de marisqueo a pé e a flote.
- Moluscos bivalvos epifaunais (vieira, volandeira, ostra), que se extraen mediante rastros remolcados e bou de vara.
- Recursos específicos, nos que se engloba un conxunto variado de organismos como o percebe, ourizo de mar, navallas e longueiróns, algas, orella de mar, anémones ou poliquetos.

De todo este conxunto, no 2016 extraeuse un total de 9.217 toneladas, valor que ee sitúa en torno a media dos últimos 15 anos (8.800 Tm), sendo ademais o máis alto dos últimos 5 anos .

Tamén hai que sinalar que a meirande parte da produción (7.647 toneladas, 83%) pertence o grupo dos bivalvos.

Economicamente, no ano 2016 o marisqueo xerou un total de 83,6 millóns de euros en primeira venda, sendo o valor máis elevado dos últimos oito anos, debido a confluencia da recuperación produtiva antes sinalada e a progresiva recuperación dos prezos en lonxa que se leva producindo dende o 2013.

Por sectores produtivos, o marisqueo a pé e a flote serían os colectivos con maior importancia económica, repartíndose entre os dous o 80% do valor xerado (60,1 millóns de €), seguidos dos percebeiro/as, con 7,3 millóns de euros (10 € do conxunto).

Se ben, todo coñecemento científico que se poda xerar do estudo do medio e dos recursos mariños é fundamental para o correcto desenvolvemento da xestión do marisqueo, especialmente nos últimos anos nos que nalgúñas zonas existen problemas, por exemplo co berberecho. Por este motivo, a Consellería do Mar leva promovendo estudos mediante o financiamento de proxectos de investigación como son o proxecto cockles, o convenio da navalla coa Universidade de Vigo, o estudo do reló, etc.

Por último, hai que sinalar que dende 2010 recuperáronse preto de 8 millóns de m<sup>2</sup> de superficie de zonas improdutivas, cun investimento de 5 millóns de euros destinados a 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas.

Por outra banda, e en relación ao saneamento das rías galegas, o Goberno galego ten avanzado moito nos últimos oito anos, aínda que queda camiño por percorrer e estanse poñendo as bases para acadalo. En total, investíronse máis de 1.000 millóns de euros dende o ano 2009, dos que 600 foron para as rías, o que demostra o compromiso deste Goberno co seu saneamento. En total, executáronse 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos.

Un dos obxectivos deste esforzo inversor foi dotar ás grandes cidades galegas dos máis avanzados servizos de depuración. Entre eles destacan a EDAR de Lagares en Vigo, o saneamento integral de Ferrol ou a EDAR de Bens. En total, desde 2009 construíronse 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a máis de 1,7 millóns de persoas.

Actualmente, o Goberno galego traballa co obxectivo de acadar no ano 2020 o saneamento integral das rías.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25872**  
Data envío: 08/02/2018 18:48:27.618

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:48:23**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19459**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para garantir a apertura da pesqueira da cigala na zona VIIIc e, de xeito subsidiario, na unidade funcional 25”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente o pasado 23 de xuño de 2017 aprobouse non unha, senón varias Proposicións non de lei sobre a necesidade de reabrir a pesquería de CIGALA VIIIc para o ano 2018, todo a pesar que había unha intención de todas as forzas políticas en facer unha Proposición non de lei conxunta.

Por outra banda, efectivamente somos coñecedores dos resultados do estudo realizado polo IEO a propósito da pesquería desta cigala, no que se recomenda a reapertura da pesquería da cigala para a zona VIIIc, despois dos datos presentados para o ano 2015 e 2016 nos que se recoñecía a abundancia de stock.

Neste sentido, o ICES recomenda que haxa reaperturas con cuota reducida e que ademáis debe aplicar un enfoque de precaución para protexer as existencias nestas unidades.

Por último, os resultados das negociacións dos TAC e cotas para 2018, no tocante ao peche da cigala, a Comisión demandou ao Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES) que reavalie a pesquería tendo en conta os datos achegados polo Goberno de España, cuestión de suma importancia xa que o ditame de peche era válido para os

paxina 1 de 2

CVE-PREPAR: a1c38500-9e55-7860-e3a9-b567cab990a3



exercicios 2017, 2018 e 2019. Cabe sinalar tamén que nas augas de Gran Sol e Francia obtívose un aumento do 15% na cota da cigala.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:41**  
**Nº Rexistro: 26103**  
Data envío: 13/02/2018 13:41:18.474

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:41:13**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19873**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “ **as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao peirao de Esteiro, en Muros, dunha rampla para a baixada e subida de embarcacións**”, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego ten vontade de dotar dunha rampla ao peirao de Esteiro, no municipio de Muros, e está a traballar nese sentido para dar resposta á demanda recibida pola Confraría de Pescadores de Muros. Esta actuación está supeditada á tramitación ambiental que implica o cumprimento dos requisitos administrativos impostos polo organismo ambiental competente a nivel do Estado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:40**  
**Nº Rexistro: 26099**  
Data envío: 13/02/2018 13:40:58.896

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:40:54**



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20091**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **“os plans da CRTVG para o colectivo de operadores e montadores de vídeo na futura estrutura laboral para todas as delegacións.”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 20087 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:01**  
**Nº Rexistro: 25918**  
Data envío: 09/02/2018 12:01:33.649

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:01:12**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20122**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jacobo Moreira Ferro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de execución no que se atopa o novo edificio xudicial de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Infraestruturas Xudiciais, cun investimento total previsto de 97 millóns de euros e impulsado pola Xunta de Galicia en 2010, comprende actuacións de rehabilitación, ampliación ou nova construción e obras de mantemento e mellora nos actuais edificios de xulgados. Trátase, ademais, dun plan adaptable ás novas necesidades que poidan ir xurdindo.

No período 2010-2016 realizáronse investimentos por máis de 48 millóns de euros, destacando os novos edificios xudiciais como os de Santiago, Ourense e o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución (SCACE) de Vigo, así como rehabilitacións integrais de edificios de carácter histórico, como a da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña e a construción da nova sede para o Rexistro Civil da Coruña. Tamén se acometeron outras obras importantes de acondicionamento ou mellora das instalacións, como poden ser as obras de climatización en Vigo, Vilagarcía de Arousa e Cambados ou importantes investimentos de mellora nos edificios dos xulgados de Coruña e Ferrol. En definitiva, neste período acometéronse investimentos nas infraestruturas da práctica totalidade dos partidos xudiciais de Galicia.

Continuando con este esforzo inversor, a Xunta de Galicia no 2017 procedeu ao inicio ou continuación das obras de dous importantes investimentos, como a rehabilitación integral do

antigo Hospital Xeral de Vigo como nova sede da Cidade da Xustiza e o novo edificio xudicial de Pontevedra.

O mes de setembro as obras do novo edificio xudicial da Parda entraron na segunda fase e continúan a bo ritmo, para que esta nova infraestrutura sexa unha realidade en 2018.

A infraestrutura poderá albergar ata 28 xulgados. Ao tempo, ampliará e complementará as infraestruturas actuais, integrándose co actual edificio, xa que este novo edificio estará comunicado a través dunha pasarela cuberta co actual edificio xudicial, formando un único complexo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:58**  
**Nº Rexistro: 26144**  
Data envío: 14/02/2018 13:58:04.794

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:57:44**



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20628**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación de perda progresiva de contacto co sector que existe entre os investigadores e os traballadores directos do mar”**, (publicada no BOPG número 219 do 29 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de investigación deste departamento, (CIMA, Cetmar, IGAFA e INTECMAR), xa se atopan perfectamente coordinados pola propia Consellería do Mar, como órgano superior que, entre outra tarefas, coordina toda a acción investigadora dos diferentes entes.

Existe ademais un centro tecnolóxico, o Cetmar, que contribúe a coordinar toda as accións de investigación, e que plasma ese incremento nunha cifra constante de aumento dos fondos que levan aparellados os proxectos, que pasaron dos 50 millóns de euros no 2009 aos máis de 275 millóns de euros no 2017.

Este centro naceu precisamente con este espírito de coordinar os diferentes proxectos de investigación que se fan tanto entre os diferentes entes da Consellería, como da Universidade, ou entre administracións, como pode ser o caso do IEO (Instituto Español de Oceanografía) ou do CSIC, dependentes do Goberno central.

En todo caso, debe entenderse que podería darse un problema ao crear institutos ou entes superiores que aglutinen diferentes centros que dependen de distintas administracións e non son competencia directa da Xunta de Galicia.

Entendemos que este traballo dos centros de investigación non se atopa lonxe da realidade do sector, senón que contribuíu a relanzar a súa actividade, dándose exemplos como a reversión da tendencia da evolución das cotas, facendo que desde 2009, a cota para Galicia medrase nun 80%,



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:38**  
**Nº Rexistro: 26390**  
Data envío: 16/02/2018 16:38:43.823

que supuxo 80.000 toneladas máis e un crecemento económico potencial de máis de 210 millóns de euros.

Amais, cos datos obtidos e apoiados e indo da man do sector e dos científicos, aumentáronse as zonas de produción marisqueira e entre 2010 e 2017, recuperamos máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie, grazas á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas. Xa por último, co traballo conxunto de sector e científicos puidemos desenvolver medidas que puxeran certeza e firmeza aos parámetros de análise da presenza da toxina nas conservas de mexillón”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 630fdf1-75d0-cba1-2809-ed36076f4bd2

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**

paxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:38**  
**Nº Rexistro: 26390**  
Data envío: 16/02/2018 16:38:43.823

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 16:38:39**



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:38**  
**Nº Rexistro: 26388**  
Data envío: 16/02/2018 16:38:19.838

Data 16/02/2018 16:37

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21238**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgunha actuación de estudo ou rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O ente público Portos de Galicia estudará a viabilidade de calquera proposta para o incremento do calado que lle sexa trasladada ou solicitada dende o sector con todos os condicionantes ambientais, administrativos e económicos que existen para o conxunto das actuacións de dragaxe nos 122 peiraos de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:38**  
**Nº Rexistro: 26388**  
Data envío: 16/02/2018 16:38:19.838

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 16:37:57**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21400**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións concretas previstas polo Goberno galego para facilitar a creación da figura das “Mariñas tradicionais” naqueles portos onde exista flota de embarcacións tradicionais”**, (publicada no BOPG número 229 do 19 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar aposta pola dinamización e polo impulso da construción de embarcacións en madeira, debido a que conxuga tradición e futuro, facendo fincapé neste tipo de construción de embarcacións que fomentan as técnicas de navegación e dos oficios do mar. Ademais, este tipo de embarcacións teñen unha maior adaptabilidade ao medio e valor ambiental pola súa menor pegada de carbono.

Por tanto, anunciar que efectivamente se teñen levado accións concretas para a recuperación de embarcacións tradicionais.

Concretamente para o pasado ano 2017 se asinou un convenio entre a Consellería do Mar e a Asociación Empresarial Galega de Carpinterías de Ribeira (en adiante, Agalcari), por unha contía de 28.000 euros. As finalidades deste convenio son as seguintes:

- A realización das actividades propias da dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Actividades de funcionamento da propia Asociación en canto contribúe a dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Mantemento e actualización da páxina web da Asociación.
- Edición de boletíns informativos e calquera outro gasto de difusión sobre as actividades.
- Organización de reunións, seminarios, congresos, feiras e outros ou no seu caso asistencia a este tipo de eventos que teñan como obxecto a promoción e fomento da construción naval en madeira.
- Realización de estudos e edición de publicacións sobre a carpintería de ribeira.

- Adquisición de equipamento necesario para o funcionamento da asociación ou a realización das actividades.

Agalcari é unha Asociación de empresarios de construción naval en madeira que ten como misión a dinamización económica e produtiva da construción naval en madeira e as súas empresas, o recoñecemento social da actividade e a protección e preservación do seu inestimable valor como parte viva do patrimonio marítimo, cultural e etnográfico.

Integran esta entidade un total de 20 estaleiros, dando emprego directo a máis de cen persoas, e indirectamente a cincocentas personas.

En cando a se se garanten espazos nos portos de titularidade autonómica, sinalar que sí, e existen portos con dársenas que xestionan directamente algunha destas asociacións que se dedican á posta en valor destas embarcacións. Por outra banda, en canto a se se vai a facilitar a creación de 'Mariñas tradicionais' hai que dicir que xa se están facendo en distintos portos de Galicia.

Por último, dentro das medidas para fomentar o sector marítimo – cultural como axente dinamizador dentro dos portos, incidir no xa sinalado na Comisión 8ª, que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, despois dun traballo conxunto con AGALCARI e con outros expertos, incoou a declaración coma Ben de Interese Cultural (BIC) da manifestación sobranceira do patrimonio inmaterial de Galicia da técnica da carpintería de ribeira, a maiores de todas as accións de promoción anteriormente sinaladas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:40**  
**Nº Rexistro: 26098**  
Data envío: 13/02/2018 13:40:29.661

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:40:24**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21531**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións concretas previstas pola Xunta de Galicia para unir con criterio o presente e o futuro do sector pesqueiro”**, (publicada no BOPG número 229 do 19 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde xaneiro de 2016 gañamos afiliados ao Instituto Social da Mariña e, ademais, o saldo a decembro 2017 é positivo en 259 persoas.

Pola contra, compre lembrar que entre 2005 e 2009 se perderon un total de 3.887 afiliados.

En todo caso, dende a Consellería do Mar seguiremos a traballar para acadar un relevo xeracional no sector pesqueiro galego.

Entre as medidas e as accións concretas levadas á cabo dende a chegada deste Goberno á Xunta de Galicia, cómpre sinalar as negociacións para conseguir aumentar as cotas de pesca para Galicia, que dende o 2009 o fixeron en máis de 80.000 toneladas e que supuxo un aumento na facturación de máis de 200 millóns de euros.

Por outra banda e dentro destas medidas, eliminamos a partida dedicada a despezar buques e por iso se incrementan os fondos destinados ás ensinanzas marítimo-pesqueiras, que volven a medrar neste ano nun 2,5%, acumulando máis dun 7% nos dous últimos orzamentos.

A maiores, axustamos a partida destinada á compra de embarcacións por parte de mozos destinando máis de 300.000 euros e a eles sumámoslles outros 435.000 que irán empregados en formación a bordo para menores de 30 anos, o que o montante global destinado á incorporación de xente nova medra porcentualmente nun 50%. Existen varias liñas de axudas neste eido:

- Para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cunha liña de axudas de máis de 610.000 euros. Ao abeiro destas achegas

a Consellería do Mar destina medio millóns de euros para subvencionar ata un 25% a adquisición do primeiro barco pesqueiro para persoas menores de 40 anos, ata un máximo de 75.000 euros.

- Para realizar actuacións por parte dos propietarios de buques pesqueiros que realicen investimentos que fomenten a pesca sustentable dende o punto de vista medioambiental, por un importe de 2,6 M €. Ao abeiro destas achegas, os donos de buques poderán acceder ás subvencións para limitar o impacto da pesca ou que melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques e aqueles relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático.

Por último, seguimos apostando pola formación, de xeito que para os orzamentos deste ano 2018 se incrementa un 2,5% os fondos destinados ás ensinanzas marítimo – pesqueiras, acumulando xa unha suba do 7% nos dous últimos orzamentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:40**  
**Nº Rexistro: 26096**  
Data envío: 13/02/2018 13:40:05.974

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:39:45**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13189**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración pola Secretaría Xeral da Igualdade das consecuencias derivadas do fallo xudicial sobre o centro de Información á Muller, no concello de Pontecaldelas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia en canto tivo coñecemento do despedimento das traballadoras do Centro de Información á Muller do Concello de Ponte Caldelas e do conseguinte cese da actividade do centro, dirixiu varios escritos ao Alcalde manifestando a preocupación pola situación do centro e a disposición para manter todas as reunións que se considerasen necesarias para reverter a situación.

Dado que estas propostas non obtiveron resposta, con data 3 de abril de 2017 iniciouse o trámite de audiencia previo á extinción do recoñecemento e acreditación do centro de información á muller (esta comunicación recibíuse polo concello o día 5 de abril).

O procedemento de extinción deixouse en suspenso, unha vez se tivo coñecemento da sentenza emitida polo xulgado do social nº 3 de Pontevedra, na que se estimaba a demanda interposta polas traballadoras do centro, se declaraba a nulidade do despido e se condenaba ao Concello á súa readmisión nas mesmas condicións laborais e ao abono dos salarios deixados de percibir así como a unha indemnización de 5.000 € para cada unha das traballadoras.

Posteriormente, no mes de xullo, convocouse ao Alcalde a unha xuntanza na delegación da Xunta en Pontevedra, co fin de aclarar a situación do centro e das súas traballadoras, xuntanza que finalmente non tivo lugar.

O Concello non concorreu no ano 2017 á convocatoria de axudas a entidades locais para promoción da igualdade, de xeito que o centro, reaberto tralas continuas sentenzas xudiciais contra a decisión do alcalde de despedir ás traballadoras, non está a recibir financiamento da Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:34**  
**Nº Rexistro: 26348**  
Data envío: 16/02/2018 13:34:59.954

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:34:54**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14279**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de galegos e galegas beneficiados pola entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, e as limitacións existentes no caso de contraer matrimonio consular nun país onde non está recoñecido o matrimonio entre persoas do mesmo sexo”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas respostas ás iniciativas con número de rexistro 11268, 11269, 11270 e 11271, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 26312**  
Data envío: 15/02/2018 18:57:38.184

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:57:33**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14913**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario en relación coa violencia de xénero no medio rural”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Información á Muller (CIM) constitúen instrumentos de grande importancia no ámbito local para a promoción da igualdade de xénero, tanto polas actividades que desenvolven como pola atención de proximidade que prestan ás persoas que demandan o seu servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles.

Actualmente en Galicia están acreditados 81 Centros de Información ás Mulleres, acreditándose en 2017 tres novos CIMS: Mos, Mancomunidade Conso Frieiras e Mancomunidade de Verín.

Tal e como aparece recollido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, a decisión de constituír un CIM é vontade e competencia das entidades locais.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia valora moi positivamente que as entidades locais decidan constituír novos Centros de Información á Muller e apoia o seu funcionamento mediante unha contribución económica estable: o programa de apoio aos CIM da Xunta de Galicia ten investido un total de 28,3M€ dende 2009 ao 2017 no funcionamento destes centros.

No que atinxe ás medidas de sensibilización executadas dirixidas aos concellos do medio rural, concretamente aos adheridos á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, cómpre salientar:

1.- 'Violencia de xénero e o novo contexto dixital', obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, preferentemente expostos a situacións de violencia de xénero, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting....

2.- Prevención de situacións de violencia de xénero: curso de defensa persoal e autocapacidades. Curso de adestramento físico e psíquico para crear protocolos de actuación cara diversas situacións.

3.- 'I'll be Watching You' II (Hei estar vixiándote II). Espectáculo lúdico-musical e pedagógico que analiza os roles de xénero que transmiten as cancións de temática amorosa.

4. Exposicións:

4.1.- 'Á Violencia de Xénero... Dille NON!', exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.

4.2.- 'Cartas de Amor', exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.

5.- Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- Charlas informativas sobre a violencia de xénero, a cargo de persoal do Centro de recuperación integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.

7.- Charlas informativas sobre a trata de seres humanos, preferentemente mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a cargo de persoal especializado na atención ás vítimas deste delito denominado xa a nova escravitude do século XXI.

Ademais destas actuacións levouse a cabo outra actuación nos concellos, denominada Programa MUMAI: Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero.



Abordaxe da igualdade e da prevención violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia.

Por último, cómpre sinalar que a Secretaría Xeral da Igualdade convoca anualmente a orde de axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres. Esta orde conta con dúas liñas de axuda e, unha delas é dirixíxese á promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, relativas á sensibilización e concienciación social, información ou formación en materia de igualdade e de prevención da violencia de xénero.

Á devandita orde poden concorrer e concorren asociacións de mulleres rurais. De feito, na resolución desta orde de axudas publicada no DOG o 7 de setembro de 2017, das 94 asociacións de mulleres que recibiron subvención, foron 67 as asociacións de mulleres rurais, o que supón o 71,3%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:34**  
**Nº Rexistro: 26343**  
Data envío: 16/02/2018 13:34:06.891

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:34:01**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 15634, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas formativas específicas adoptadas polo Goberno galego en materia de atención especializada a menores expostos á violencia de xénero, as previstas para o curso escolar 2017-2018 e os medios humanos e materiais que se van destinar para garantir a súa implantación, así como para o seguimento da súa eficiencia”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego puxo en marcha no ano 2012 e mantén en funcionamento, o Programa de intervención con nenos e nenas vítimas de violencia de xénero que leva a cabo a Fundación Meniños.

O programa de intervención está formulado coa finalidade de actuar sobre as necesidades fundamentais dos nenos e nenas e adolescentes que sufriron de maneira directa ou indirecta a violencia de xénero promovendo a súa recuperación e benestar psicolóxico.

Os obxectivos xerais do Programa son: identificar o dano producido no neno ou na nena; Coñecer a historia de violencia; Informarse sobre a situación actual (Psicolóxica, educativa, social...); establecer un contexto de seguridade e alianza cos nenos e nenas e coas súas familias; Identificar os factores de risco e protección; explorar as vivencias do neno/a; decidir obxectivos de cambio e indicadores; xerar cambios; proporcionar estratexias de afrontamento; restaurar vínculos; consolidar cambios.

No ano 2017 o Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero levouse a cabo por parte da Fundación Meniños nos concellos de: Ames, Arteixo, Laracha, Moaña, Bueu e, a Mancomunidade Ordes.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia asina anualmente un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que é quen realiza a atención psicolóxica dos fillos e fillas das mulleres vítimas da violencia de xénero.

Dende o ano 2009 ata o ano 2016 foron atendidos 980 menores no programa de atención psicolóxica aos fillos/as de mulleres vítimas da violencia de xénero.

No primeiro semestre de 2017, os menores atendidos foron 127.

Ademáis dende Secretaría xeral da Igualdade, a Dirección xeral de Familia, infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia e en colaboración coa Fundación Juan Soñador levouse a cabo o Proxecto 'Berrando ao Mundo, proxecto de intervención con adolescentes, mozos e mozas e risco de exclusión social para o fomento da igualdade', así como distintas xornadas de formación cos/as profesionais que traballan en relación directa con menores, concretamente co persoal técnico dos Centros de Menores, dos CIM e dos Servizos Sociais municipais.

Estas xornadas desenvolvéronse en Vigo, Coruña, Lugo, Ourense e Santiago de Compostela.

En abril de 2017 presentouse o libro Berrando ao Mundo, que é resultado dos obradoiros realizados con adolescentes e mozos/as pola Fundación Juan Soñador, sobre igualdade e contra a violencia de xénero.

É un libro fundamentalmente práctico, que inclúe numerosas actividades para aquelas persoas interesadas en traballar sobre a Igualdade de xénero con adolescentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:33**  
**Nº Rexistro: 26341**  
Data envío: 16/02/2018 13:33:45.313

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:33:39**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25882  
Data envío: 08/02/2018 18:50:05.416

Data 08/02/2018 18:49

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 15698**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a data prevista pola Xunta de Galicia para o inicio dos trámites para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, as razóns da Consellería de Sanidade para cambiar de criterio en relación coa necesidade e prioridade dese centro e a valoración do Goberno galego referida á demora no cumprimento dos acordos asinados con Concello ao respecto”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está realizando un Plan de Espazos da atención primaria do concello de Lalín, para acadar un plantexamento de programación dun dispositivo que permita unha Atención Integral en busca dunha optimización das dotacións e do aseguramento dun futuro sanitario da máxima calidade.

O CAR nunca foi definido e neste momento estanse desenvolvendo modelos diferentes, como o Centro Integrado de Saúde de Lugo, que se adapta mellor ás novas circunstancias, ás novas necesidades dos usuarios do sistema.

Como paso previo á elaboración dun plan de espazos e como paso previo á elaboración dun proxecto arquitectónico estase a traballar polos técnicos do Servizo Galego de Saúde xunto coa EOXI de Santiago, nun Plan Funcional no que se definan cales son as melloras que se poden executar en Lalín tendo en conta a demanda e as necesidades da poboación de referencia.

Este Plan Funcional e de Espazos será presentado nos próximos meses.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25882**  
Data envío: 08/02/2018 18:50:05.416

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:50:00**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25881  
Data envío: 08/02/2018 18:49:54.447

Data 08/02/2018 18:49

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 15855**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co proceso de apertura ao público da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as súas previsións e os datos referidos a súa posta en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O traslado realizouse o 6 de outubro de acordo co operativo previsto, facendo o primeiro traslado dunha unidade de hospitalización de medicina interna, que permitiu testar o funcionamento dos circuitos internos de circulación.

A segunda fase de traslado realizouse con éxito, e sen incidencias o pasado día 27 de outubro, co traslado 150 pacientes dos servizos de Medicina Interna, Neurocirurxía e Neuroloxía, ata ese momento hospitalizados nos edificios Materno Infantil, Santa María Nai e Cristal.

Na actualidade o novo edificio de hospitalización do CHUO acolle xa ao redor de 200 pacientes.

Todos os traslados inclúen ao persoal destes servizos, e procederase a reordenación e/ou incremento de efectivos en distintas unidades, en función do seu novo dimensionamento ou necesidades.

O Plan Operativo de Traslado gradual, consensuado pola Comisión de Traslados, constituída por representantes da dirección e do persoal de todos os estamentos profesionais e servizos, tanto sanitarios como non sanitarios do centro, ten por obxectivo fundamental o mantemento da actividade e continuidade asistencial do complexo, causando a mínima alteración posible ao conxunto dos pacientes e garantindo, en todo momento, a plena seguridade e confortabilidade dos que se trasladan e do resto dos usuarios.

O equipamento da nova cociña central do Complexo, situada no novo edificio de hospitalización, está en trámites de licitación.

Coa ampliación o CHUO gaña en funcionalidade e integración, e aumenta súa capacidade asistencial e confortabilidade, eliminando definitivamente as habitacións triples, pasando todas elas a dobres e individuais, polo que contará con 116 camas máis, ata chegar a unha capacidade máxima de 930 camas.

O novo edificio de hospitalización consta de **tres plantas de aparcadoiro, unha delas destinada ao uso exclusivo dos traballadores de carácter gratuíto**, e as restantes de acceso e uso público.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25881**  
Data envío: 08/02/2018 18:49:54.447

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:49:49**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 12:02  
Nº Rexistro: 25923  
Data envío: 09/02/2018 12:02:28.852

Data 09/02/2018 12:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16536** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“a realización dalgún análise e a opinión da Consellería de Facenda en relación coa evolución que presenta a débeda pública en Galicia no primeiro trimestre de 2017, as súas causas e a súa comparativa co resto das comunidades autónomas”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 22 de setembro de 2017 polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 15074.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:02**  
**Nº Rexistro: 25923**  
Data envío: 09/02/2018 12:02:28.852

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:02:23**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25879  
Data envío: 08/02/2018 18:49:36.119

Data 08/02/2018 18:49

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 16690**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a información, as xestións e os prazos previstos polo Goberno galego para o arranxo das deficiencias estruturais e de mantemento que presenta o Centro de Saúde da Pobra”**, (publicada no BOPG número 183 do 28 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O centro de saúde da Pobra é de titularidade municipal, polo tanto é competencia do concello o mantemento e conservación do edificio e as súas instalacións, así como o pago das subministracións enerxéticas (enerxía eléctrica, auga e gasóleo calefacción).

A través dun acordo entre a Xerencia da EOXI de Santiago e o Alcalde do Concello da Pobra contratáronse os traballos de reparación, limpeza e pintado das anomalías detectadas no exterior do centro, sendo por conta do concello a reparación das instalacións e danos do interior.

O custo destas actuacións foi de 7.627,84 €.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25879**  
Data envío: 08/02/2018 18:49:36.119

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:49:31**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16896**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo, sobre “**a valoración da Xunta de Galicia referida ás deficiencias e carencias que presenta en materia de accesibilidade o edificio destinado ao Centro de Información á Muller de Mos, así como o control levado a cabo en relación co cumprimento da normativa vixente ao respecto**”, (publicada no BOPG número 183 do 28 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Toda a documentación que consta no expediente de acreditación do Centro de Información á Muller de Mos foi remitida ao Parlamento de Galicia, a raíz da solicitude levada a cabo pola deputada pertencente ao Grupo Parlamentario de En Marea, Paula Quinteiro Araujo, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, na iniciativa con número de rexistro 16895.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 26320**  
Data envío: 15/02/2018 20:30:16.595

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 20:29:55**



RS/ms

Con data 6.02.2018, e número de rexistro 25377, tivo entrada no Parlamento resposta á pregunta 17979, formulada por dona Paula Vázquez Verao, dona Eva Solla Fernández e don Luís Villares Naveira, do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para o reforzo da atención sanitaria no Courel”**. Debido a un erro involuntario enviouse unha resposta que non se corresponde coa pregunta en cuestión, polo que pasamos a remitir a resposta correcta formulada pola consellería de Sanidade e que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire á cobertura do persoal sanitario na categoría de facultativos, véñse producindo un déficit de recursos de persoal nas listas de vinculacións temporais, habitualmente esgotadas, facendo difícil a substitución das ausencias regulamentarias do persoal.

Para a planificación da cobertura destes permisos regulamentarios a EOXI ten en conta as diferentes formas de cobertura das ausencias establecidas no artigo 3 da Orde de 4 de xuño de 2008, pola que se da publicidade a determinados acordos sobre ordenación e previsión de postos de traballo e condicións de traballo e retribucións no ámbito da atención primaria e valórase a cobertura das ausencias no conxunto da área, utilizando os recursos dos que dispoñemos aí onde son máis necesarios ao tempo que se garante que, en todo momento, existan profesionais suficientes para unha adecuada atención.

Os Centros de Saúde funcionan en horario de 8hs a 15 hs os días laborables.

En días alternos hai no concello un dispositivo médico e de enfermería localizado e habilitado para as demandas de asistencia, en horario de 15hs a 22 hs os días laborables e de 8hs a 22hs os domingos e festivos nos Centros de Saúde de Folgoso e de Seoane.

No horario nocturno a prestación localízase no PAC de Quiroga, ofertando asistencia no mesmo pero tamén asistencia a domicilio a través dos medios de transporte de enfermos e de profesionais con que está dotado.

En canto á atención pediátrica é primordial poñer de manifesto que na actualidade non existen especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados (feito que é facilmente

comprobable en organismos oficiais, asociacións profesionais, listas de contratación, etc..). o que dificulta o incremento do cadro de persoal desta categoría nos centros de saúde nos que fose necesario.

Desde a EOXI estanse a realizar importantes esforzos para manter de xeito continuado o cadro de persoal dos nosos centros, levando a cabo actuacións para adecuar e reordenar a asistencia pediátrica, tanto funcional como de horarios de cara a garantir a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria.

Neste caso o Servizo de Atención Primaria de Quiroga conta cunha pediatra, que pasa consulta no Centro de Saúde de Quiroga os martes e venres e atende aos nenos adscritos aos médicos de Quiroga e O Courel.

O Courel conta cunha poboación total de 830 habitantes dos que 384 son maiores de 65 anos e 29 en idade pediátrica.

En relación a petición de equipos de desfibriladores o Centro de Saúde de Folgoso do Courel e o de Seoane xa contan con Equipo DESA.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:41**  
**Nº Rexistro: 26110**  
Data envío: 13/02/2018 13:41:59.771

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:41:55**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25877  
Data envío: 08/02/2018 18:49:17.400

Data 08/02/2018 18:49

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 18015**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha xestión co Goberno municipal de Ordes para a inclusión no novo PXOM da habilitación do terreo anexo ao PAC como espazo para o helicóptero de emerxencias, as razóns da retirada do heliporto do centro de saúde dos planos do novo planeamento e a súa opinión en relación coa situación na que se atopa o transporte sanitario para a veciñanza afectada na zona”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O transporte sanitario para os veciños e veciñas de Ordes e da súa contorna é o axeitado. A situación do transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia encóntrase entre as máis modernas e avanzadas do Estado. Trátase dunha flota completamente renovada, avanzada tecnoloxicamente e de elevada comodidade para o doente durante a súa asistencia e traslado.

Trátase do servizo máis valorado polos galegos de entre todos os que ofrece o Servizo Galego de Saúde aos cidadáns.

As competencias sobre os PXOM son dos Concellos.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25877**  
Data envío: 08/02/2018 18:49:17.400

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:49:12**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25876  
Data envío: 08/02/2018 18:49:05.650

Data 08/02/2018 18:49

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 18382**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación en que se atopa o Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Carballo a consecuencia do número de pacientes que lle corresponde a cada un dos facultativos”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia organízase en Servizos e Unidades de Atención Primaria. Estas son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación. Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida.

En Carballo hai actualmente catro pediatras, e o ratio de poboación atendida por profesional sitúase nun promedio de 1.000 nenos por facultativo/a, que se atopa dentro dos estándares para proporcionar uns servizos cuns elevados niveis de calidade e accesibilidade.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25876**  
Data envío: 08/02/2018 18:49:05.650

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:49:01**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25875  
Data envío: 08/02/2018 18:48:56.603

Data 08/02/2018 18:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 18967**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas e a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial na atención primaria é óptima. Nos orzamentos do 2018 recóllese en diferentes capítulos un incremento do 2,65 %. Nas últimas OPES priorizáronse as categorías propias do primeiro nivel asistencial como médico de familia, pediatra e enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Polo que se refire aos centros de saúde, desde o Sergas estase a levar a cabo un Plan tanto para a construción de novos centros de saúde como para a mellora e reforma de centros existentes.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25875**  
Data envío: 08/02/2018 18:48:56.603

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:48:52**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25874  
Data envío: 08/02/2018 18:48:46.337

Data 08/02/2018 18:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 18973**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego relativas á consideración da posición da cidadanía, os sindicatos, os partidos políticos, as asociacións de doentes e os colectivos de profesionais en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a súa opinión referida á suficiencia para o seu debate e aprobación do consenso acadado cos diferentes colectivos ao respecto, así como a necesidade de creación de mesas de traballo coa participación deles para as posibles reformas legais do sistema sanitario galego”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á información facilitada polo conselleiro de Sanidade para dar resposta ás interpelacións acumuladas números 13965 e 14385, debatidas no pleno do día 13 de setembro de 2017, e sobre similar tema.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25874**  
Data envío: 08/02/2018 18:48:46.337

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:48:42**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25873  
Data envío: 08/02/2018 18:48:36.556

Data 08/02/2018 18:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 18981**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación do persoal sanitario do Sergas en termos de cantidade e calidade do seu traballo, así como da necesidade de atender as demandas dos representantes dos traballadores de retomar os acordos retributivos paralizados no ano 2010, e as súas previsións en relación coa convocatoria da OPE de Sanidade para o ano 2017 segundo o acordo parlamentario do 21 de marzo do mesmo ano”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En diferentes mesas sectoriais tratouse cos representantes dos traballadores sobre os acordos e pactos de melloras retributivas que, desde o ano 2009, quedaron suspendidos nas leis de presupostos ao fío da crise económica.

Hai dereitos que se foron recuperando nesta última lexislatura como a devolución da paga extra de decembro de 2012, a suba do 1% das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013 e a recuperación dos días de libre disposición máis os días adicionais de vacacións.

Na Lei de Orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1% máis de subida nas retribucións.

Así mesmo adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo: opes anuais, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación, o concurso de traslados aberto e permanente...

Na lei de orzamentos para o ano 2018, e de conformidade coa futura lei de orzamentos do Estado, contemplase unha suba salarial do 2% as retribucións de todos os empregados públicos, e na Lei

de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 6 ‘Protección da maternidade e paternidade’ recóllese unha ampliación da duración dos permisos de maternidade e paternidade, o aboamento do promedio da atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos, nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e lactancia.

Polo que se refire a OPE, a través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do SERGAS. (1.616 prazas).

Así mesmo, acordouse cos sindicatos da mesa sectorial sentar as bases do sistema ordinario de carreira profesional para todos os colectivos de persoal estatutario, cun compromiso de recoñecemento de novos graos no ano 2018.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25873**  
Data envío: 08/02/2018 18:48:36.556

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:48:32**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 09:30  
Nº Rexistro: 25870  
Data envío: 08/02/2018 18:48:09.056

Data 08/02/2018 18:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 19116**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación das persoas afectadas pola doenza de Behçet en Galicia, a actuación que vai levar a cabo respecto das demandas formuladas por eses doentes e a dispoñibilidade pola Consellería de Sanidade dalgún protocolo de actuación para a detección, diagnose e tratamento desa doenza”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Servizo Galego de Saúde desenvólvense Procesos Asistenciais Integrados para as enfermidades máis prevalentes ou que pola súa complexidade así o precisen. O sistema sanitario público galego permite a asistencia á enfermidade de Behçet coa mellor calidade e seguridade posible co noso actual modelo asistencial. As accións de formación en enfermidades raras para os nosos profesionais, son o principal aval para que estas enfermidades poidan ser detectadas de forma precoz.

Co actual modelo asistencial ofrécese a mellor garantía de calidade e seguridade ás persoas que sofren síndrome de Behçet e ademais se garante a posibilidade de solicitar unha consulta a un centro de referencia estatal se cumpre as condicións necesarias.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25870**  
Data envío: 08/02/2018 18:48:09.056

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:48:04**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17035** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **os datos referidos aos traballos de retirada do depósito de pneumáticos en desuso de Fene da terra contaminada con restos da trituración dese material, o seu tratamento e destino, así como o recheo levado a cabo con terra procedente doutro lugar**”, (publicada no BOPG número 183 do 28 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Os traballos aos que se fai referencia na iniciativa comezaron o 8 de xuño de 2017 e remataron o día 14 dese mesmo mes. En total, retiráronse en Fene un total de 105,26 toneladas de pneumáticos.

O residuo, ou terra contaminada, foi entregado a un xestor autorizado. O custo total ascendeu a preto de 12.000 euros, o que non supuxo un incremento do orzamento inicial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:43**  
**Nº Rexistro: 25890**  
Data envío: 09/02/2018 09:43:58.749

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 9:43:51**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15079** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“os datos referidos ao acceso ao sistema financeiro nos concellos galegos, os efectos na dinamización do medio rural e na dinámica demográfica de Galicia da exclusión financeira que se está a producir como consecuencia da desaparición das oficinas bancarias e a estratexia do Goberno galego para reverter esa situación, así como a súa opinión respecto da posibilidade de compensar o peche de oficinas bancarias mediante as novas ferramentas tecnolóxicas e os datos relativos ao acceso da cidadanía á banca electrónica”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“En termos comparados coa Unión Europea, segundo as estatísticas que ten publicadas o Banco Central Europeo, o sistema financeiro español está conformado por unha rede de 28.807 oficinas, e xa descendera dende o primeiro ao cuarto posto europeo no ranking de países con máis oficinas bancarias, o que supón xa un menor número de oficinas que Alemaña (32.026 oficinas), Francia (37.261 oficinas) e Italia (29.335 oficinas).

En Galicia, en termos xerais, a magnitude do proceso foi similar ao do resto do Estado. Así nos datos que facilita o Banco de España, de peche de 2016, a redución de estrutura foi menor en Galicia que no conxunto do Estado, tendo en conta ademais que a reestruturación afectou significativamente con tres episodios directamente relacionados coa nosa Comunidade: a desaparición das caixas, e as adquisicións do Banco Pastor polo Popular e do Banco Gallego polo Banco Sabadell.

Adicionalmente, o número de entidades que operan na comunidade tamén se viu reducido polos procesos de integración rexistrado a nivel estatal: Bancaja e Caja Madrid en Bankia, Catalunya Caixa en BBVA, etc.

Todo iso supuxo un adelgazamento da estrutura operativa das entidades financeiras en Galicia que, en todo caso e cos datos estatísticos na man, foi proporcionalmente menor que no conxunto do Estado. Así os datos oficiais do Banco de España indican que non houbo unha maior redución de oficinas en Galicia que no resto de España. O peche de oficinas durante a crise foi a un ritmo anual do 4,2% en España e menor en Galicia, 4,1%.

Ademais, na actualidade o número de oficinas bancarias por habitante en Galicia é practicamente idéntico que en España.

En 2009 as oficinas bancarias en Galicia representaban o 5,4% do total de España, e en 2016 representaban o 5,6%, isto é, unha porcentaxe similar.

Segundo os últimos datos publicados polo IGE, actualizados a 31 de decembro de 2016, un total de 272 concellos de Galicia, de 313, contan actualmente cunha ou con mais dunha sucursal bancaria, e 41 concellos con 53.805 habitantes contan con 0 sucursais bancarias.

Destes concellos que non contan con ningunha sucursal, 10 pertencen a provincia da Coruña, 4 a de Lugo, 25 a de Ourense e 2 a de Pontevedra.

Debese indicar que o feito de que un concello non conte con ningunha sucursal bancaria non significa que os seus habitantes non teñan preto algunha oficina bancaria pertencente a outro concello, e iso pola propia distribución territorial da nosa Comunidade.

En todo caso, as entidades financeiras están poñendo en marcha dende hai anos canles alternativas de contacto cos seus clientes, como por exemplo: a utilización de oficinas móbiles ou as aperturas a tempo parcial (en determinados días da semana ou en franxas horarias).

Por outra banda a xestión do sistema bancario deberá adaptarse ao endurecemento do marco regulatorio e supervisor imposto polas directrices da UE. Pero tamén deberá adaptarse ás novas fórmulas de relación co cliente, nas que aínda que a oficina seguirá xogando un rol importante, deberán ofrecer unha resposta omnicanal, de tal modo que atenda as necesidades do cliente desde a plataforma que este considere.

A utilización da banca electrónica expón á banca a novos desafíos no marco do seu posicionamento fronte a novos competidores. Por iso as entidades están potenciando dende



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:02**  
**Nº Rexistro: 25924**  
Data envío: 09/02/2018 12:02:38.196

hai anos a utilización da banca electrónica. Os datos do Banco de España mostran que a utilización en Galicia da banca electrónica é superior a de España.

Todos estes retos e oportunidades, poñerán a proba a capacidade de adaptación das entidades financeiras, e seguirase a vivir un proceso de reorganización do mercado bancario en Europa, en España e en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:02**  
**Nº Rexistro: 25924**  
Data envío: 09/02/2018 12:02:38.196

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:02:33**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16684**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o Índice de prezos ao consumo en Galicia no ano 2017 e a perda de capacidade económica dos fogares galegos, as previsións ao respecto para o ano 2018 e as súas intencións en relación coa modificación dalgunha medida económica e fiscal, así como a variación da carga impositiva cara os vindeiros orzamentos”**, (publicada no BOPG número 183 do 28 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Os últimos datos do IPC publicados ratifican as previsións do Goberno galego. A Xunta de Galicia nas súas previsións dixo que a suba da inflación nos primeiros meses deste 2017 era unha cuestión puntual, e que os prezos se ían moderar a medida que avanzase o ano. A inflación anual baixou ao 1,5% en Galicia, pese a que nos primeiros meses do ano superou o 3%. Polo tanto, os prezos moderáronse.

As previsións do IGE eran ca evolución do IPC ao peche do ano ía ser do 2,1%, lonxe do 3% que se rexistrou de forma conxuntural nos primeiros meses do ano. Os datos publicados o pasado 12 de xaneiro así o ratifican.

A evolución dos prezos nestes anos de recuperación está sendo moderada. De 2013 a 2015 os prezos encadearon 3 anos con crecementos negativos ou cunha subida moi leve (+0,5%). No 2016 a evolución foi suave (+1,6%) e no 2017 tamén o foi (previsión: 2,1%)

En consecuencia:

- A subida de prezos tense moderado en Galicia nos últimos meses
- Os prezos en Galicia medran menos (1,5%) que en España (1,6%)
- Ademais, algúns produtos básicos téñense abaratado no último ano, como as patacas (-13,6%), os ovos (-2,1%) ou os cereais (-1,8%)

En canto a carga impositiva, a política tributaria en Galicia é moi clara: estamos a baixar os impostos con especial incidencia nas rendas medias e baixas para que paguen menos impostos.

A boa evolución de ingresos nos permite manter as maiores rebaixas fiscais que xa están en vigor en Galicia desde que as aprobamos en 2016.

- Nos orzamentos de 2016 eliminamos os impostos para as transmisións de solo rústico, para as transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias, ou aumento do tamaño da explotación ou as transmisións a agricultores mozos e para as agrupacións de fincas rústicas.
- Nos orzamentos de 2017 eliminamos os impostos para a adquisición de vivenda habitual en zonas pouco poboadas aos menores de 36 anos, ás familias numerosas e ás persoas con discapacidade.
- E para os orzamentos de 2018 reforzamos esta aposta na Lei de Medidas Administrativas e Fiscais que acompañou aos orzamentos con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e contribúan a dinamizar o medio rural, en concreto para os que invistan en terras e bens rústicos que se atopen desaproveitados e nunha Sociedade de Xestión Forestal.

A maiores introducimos novas rebaixas fiscais: con deducións para as persoas que invistan na rehabilitación de inmobles dos centros históricos ou en actividades económicas neles e coa eliminación do Imposto de Actos Xurídicos Documentados para os que merquen solo industrial das administracións.

En Galicia hai menos desigualdade e risco de pobreza que a media española.

- A taxa de risco de pobreza en Galicia é 3,3 puntos inferior á media española
- En Galicia os fogares con moita dificultade para chegar a fin de mes son o 6%, mentres que en España son o 15,3% e varias CCAA superan o 20%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 13:04**  
**Nº Rexistro: 26001**  
Data envío: 12/02/2018 13:04:36.625

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:04:31**



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 13:04**  
**Nº Rexistro: 26000**  
Data envío: 12/02/2018 13:04:26.093

Data 12/02/2018 13:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18241**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa evolución que presentan a situación e a capacidade económica dos fogares galegos, a súa opinión referida ao impacto que están a ter na sociedade as súas políticas económicas e fiscais, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o día 2 de febreiro de 2018 polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao dar resposta á pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 22211.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 13:04**  
**Nº Rexistro: 26000**  
Data envío: 12/02/2018 13:04:26.093

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:04:20**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18297** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre “**as razóns do deterioro que presentan as condicións de vida da maioría dos fogares galegos no terceiro trimestre de 2017, no actual escenario de crecemento económico**”, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o día 2 de febreiro de 2018 polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao dar resposta á pregunta número 22211 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:02**  
**Nº Rexistro: 25921**  
Data envío: 09/02/2018 12:02:08.805

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:02:04**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/02/2018 12:01  
Nº Rexistro: 25919  
Data envío: 09/02/2018 12:01:46.821

Data 09/02/2018 12:01

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19857** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre “**a avaliación da Xunta de Galicia respecto do investimento levado a cabo polas administracións públicas nos últimos anos, así como o recorte que sufriron as partidas destinadas á vivenda e protección social, fronte ás de defensa e orde público**”, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 3ª do 2.02.2018- polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao darlle resposta á pregunta 22705 sobre o mesmo tema e formulado polo mesmo deputado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 12:01**  
**Nº Rexistro: 25919**  
Data envío: 09/02/2018 12:01:46.821

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2018 12:01:39**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13241**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado dos servizos comúns procesuais e a implantación dun plan piloto de servizos comúns procesuais de cara á súa centralización e eficiencia”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente, na comunidade autónoma de Galicia están implantados os denominados Servizos Comúns de Notificacións e Embargos con funcións de actos de comunicación e de execución, consonte ao Regulamento 2/2010 sobre criterios xerais de homoxeneización das actuacións dos servizos comúns procesuais.

Por outra banda, cómpre ter en conta que o pasado 18 de setembro se publicou no Diario oficial de Galicia o Decreto 87/2017, do 7 de setembro, polo que se regula a estrutura e organización da Oficina Xudicial en Galicia, iniciándose ademais os traballos para consensuar o modelo concreto a desenvolver no partido xudicial de Ourense como primeira experiencia en Galicia.

Este decreto recolle as funcións e tipoloxías dos servizos comúns procesuais en Galicia. Completarase a través das correspondentes ordes de desenvolvemento, que aprobarán a creación dos distintos servizos comúns procesuais en cada partido xudicial e que serán as que concreten a súa estrutura específica, organización xeral e data de entrada en funcionamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26161**  
Data envío: 14/02/2018 14:01:27.764

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:01:19**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13940**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a consideración como una prioridade da formación dos profesionais implicados na atención ao conxunto de vítimas da violencia de xénero, e a posibilidade de elaborar un plan de formación de carácter transversal”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No Diario Oficial de Galicia o día 1 de agosto de 2017 publicouse o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Galicia é así pioneira a nivel estatal no compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e en contra da violencia de xénero.

Desta maneira, todo o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, o persoal docente, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o persoal ao servizo da Administración de xustiza e o persoal funcionario do corpo de Policía autonómica, serán formados neste eido. Ademais, no caso do persoal de novo ingreso que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento terán carácter obrigatorio.

Os contidos que se impartirán na formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero abordan materias a como igualdade de xénero, mainstreaming, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres.

O decreto establece tres niveis de coñecemento, básico, medio e superior. O nivel básico acreditará unha competencia inicial que permita a inclusión progresiva do principio de igualdade nos procesos habituais de traballo. O nivel medio acreditará unha competencia que permita integrar o enfoque de xénero en ámbitos como subvencións, contratos, produción normativa ou xestión administrativa, e o coñecemento e comprensión da violencia de xénero; e o nivel superior, acreditará unha competencia alta que permita o coñecemento e a aplicación práctica do enfoque integrado ou mainstreaming de xénero.

A Secretaría Xeral da Igualdade está traballar no procedemento de validación (recoñecemento) da formación do persoal incluído no ámbito de aplicación do decreto:

- Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- Persoal das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia
- Persoal docente
- Persoal do Servizo Galego de Saúde
- Persoal ao servizo da Administración de xustiza
- Persoal funcionario do Corpo de Policía de Galicia.
- Así como o procedemento para a inscrición no rexistro de persoal docente en materia de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero das persoas interesadas que o soliciten.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:34**  
**Nº Rexistro: 26344**  
Data envío: 16/02/2018 13:34:17.751

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:34:12**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 26165  
Data envío: 14/02/2018 16:15:19.706

Data 14/02/2018 16:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13990**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e don Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre **“a falta de recoñecemento legal do dereito das persoas presas á asignación de avogado polo sistema de asistencia xurídica gratuíta para a defensa dos seus dereitos fronte a Administración penitenciaria”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na resposta escrita ás iniciativas con número de rexistro 3548, 3549 e 3550, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26165**  
Data envío: 14/02/2018 16:15:19.706

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 16:14:58**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2018 16:30  
Nº Rexistro: 26157  
Data envío: 14/02/2018 14:00:25.935

Data 14/02/2018 14:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14037**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación xurídica dos templos dedicados ao culto católico e os bens inmobles inmatriculados a favor da Igrexa Católica dende o ano 1998”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no Pleno do Parlamento, na sesión celebrada o 5 de abril de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 6362, presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26157**  
Data envío: 14/02/2018 14:00:25.935

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 14:00:20**



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:59**  
**Nº Rexistro: 26155**  
Data envío: 14/02/2018 13:59:57.357

**Data** 14/02/2018 13:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14048**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a postura do Goberno galego no relativo á necesidade de xustificar as concesións de indultos”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na resposta ás iniciativas con número de rexistro 6812, 6813 e 6814, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:59**  
**Nº Rexistro: 26155**  
Data envío: 14/02/2018 13:59:57.357

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:59:52**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14060**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as consecuencias da reforma da estrutura e organización dos Rexistros Cívís prevista na Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Rexistro Civil e todos os asuntos que a el se refiren (sistema, organización e regulación) son competencia directa do Ministerio de Xustiza.

No ano 2011, durante o Goberno do Partido Socialista e por consenso unánime dos grupos parlamentarios, aprobouse a Lei 20/2011 de Rexistro Civil (cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata xuño de 2018).

Entre as principais características do modelo de Rexistro Civil aprobado pola Lei 20/2011, incluíronse:

- Un modelo desxudicializado dos rexistros cívís, de maneira que os xuíces e xuízas deixan de ser os encargados do Rexistro Civil e estas funcións se lle encomendan a outro persoal cualificado da Administración.
- Con relación á organización das oficinas do Rexistro Civil, o modelo de 2011 estableceu 3 tipos: Oficina Central, Oficinas Xerais e Oficinas Consulares coa finalidade, segundo a súa propia exposición de motivos, de contemplar unha organización moito máis sinxela que a anterior. No que se refire ás oficinas xerais, o artigo 22 da Lei de 2011 determina que en cada comunidade autónoma ubicarase, polo menos, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia poderán crear nos seus respectivos ámbitos territoriais, ademais, unha Oficina Xeral do Rexistro Civil por cada 500.000 habitantes. Ademais, establece que, excepcionalmente e por razón da singular distribución da poboación ou características do territorio, poderanse crear outras tres Oficinas Xerais en cada comunidades autónoma.

- Con relación aos xulgados de paz, o modelo da Lei de 2011 indica que os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil nos xulgados de Paz.
- O modelo incide igualmente en configurar ao Rexistro Civil como unha base de datos única, que permite compaxinar a unidade de información coa xestión territorializada e a universalidade no acceso.

O Goberno galego considera que un principio esencial do Rexistro Civil é o carácter gratuíto da prestación deste servizo público, como se asegurou a través da Lei 18/2014 de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (onde se establece que a prestación do servizo público que constitúe o Rexistro Civil continuará a ser gratuíta, sen excepción de ningún tipo), circunstancia esta que non se mencionaba no texto primitivo da Lei 20/2011.

O Ministerio de Xustiza anunciou a intención de continuar coa desxudicialización do Rexistro Civil, se ben baixo a premisa de que o cambio de xestión non leve redución de emprego público e que o Rexistro Civil sexa dixital, público, gratuíto e próximo á cidadanía.

En definitiva, a Xunta de Galicia considera que cómpre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade deste servizo público e favorecendo que sexa prestado por persoal da administración de xustiza de acordo coas correspondentes relacións de posto de traballo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 26314**  
Data envío: 15/02/2018 18:57:56.888

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 18:57:52**





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14064**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intención do Goberno galego de solicitar o aumento dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, especialmente a Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O relevo de postos na organización do Ministerio Fiscal forma parte das decisións internas do Poder Xudicial. A motivación de nomeamentos e remudas corresponde ao ámbito interno da autoridade competente para facelos.

No que se refire ao artigo 324 da Lei de axuízamento criminal, dito artigo informa de que as dilixencias de instrución practícaranse durante o prazo máximo de seis meses desde a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas. Pero engade que, antes da expiración dese prazo, o instrutor -a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes- poderá declarar a instrución complexa cando, por circunstancias sobrevidas á investigación, esta non puidese completarse razoablemente no prazo estipulado ou concorran algunhas das circunstancias previstas no apartado seguinte dese artigo.

Se a instrución é declarada complexa, o prazo pasa a ser de dezoito meses, que o instrutor da causa poderá prorrogar por igual prazo ou inferior (de novo, a instancia do Ministerio Fiscal e previa audiencia das partes).

En definitiva, isto permite que as actuacións complexas sexan obxecto de prórrogas ata acadar a súa fin, que non é outra que levar a xuízo, no seu caso, aos/ás presuntos/as criminais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:59**  
**Nº Rexistro: 26153**  
Data envío: 14/02/2018 13:59:37.107

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:59:32**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación dos xulgados de Vilagarcía de Arousa e o proceso de expurgo e dixitalización de arquivos”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a impulsar decididamente a ordenación e proceso de expurgo dos expedientes xudiciais. O froito destes traballos é -polo de agora- un total dun millón de expedientes xestionados para o proceso de expurgo, transferidos aos arquivos xudiciais territoriais e aos arquivos históricos provinciais.

En todo este proceso é necesaria a vontade e colaboración do persoal xudicial, dada a concepción avalada pola leis e a xurisprudencia de que os expedientes xudiciais, aínda que arquivados, seguen a ser materia xurisdiccional. Por iso calquera actuación da administración autonómica debe estar acompañada pola supervisión e colaboración xudicial.

Entre outras actuacións nesta materia, durante o ano 2016 e como proxecto piloto, organizouse toda a documentación arquivada no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa. Foron un total de 61.706 expedientes, que se arquivaron en 3.535 caixas.

A documentación rexistrouse toda na aplicación informática ARQUIVO, o que permite xestionar dunha forma sinxela o arquivo xudicial, facilitando non só as transferencias de documentación entre os distintos arquivos (Arquivo Territorial e Histórico), senón tamén o expurgo.

O obxectivo das actuacións levadas a cabo no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Vilagarcía de Arousa foi, tamén, desenvolver un sistema informático para a xestión dos arquivos de expedientes físicos e de pezas de convicción.

Este labor dividiuse en dúas partes. A primeira foi conseguir a organización, descrición e instalación da documentación xudicial custodiada no arquivo deste xulgado, seguindo criterios arquivísticos. O obxectivo foi a implantación do Sistema de Xestión de Arquivos Físicos Xudiciais (ARQUIVO) para a

xestión do ciclo de vida dos expedientes en formato papel. Deste xeito, creábanse as condicións para levar a cabo un control, localización e trazabilidade dos expedientes xerados por este órgano xudicial, así como as transferencias documentais ao arquivo Xudicial Territorial, ademais de xestionar as políticas de expurgo de documentación xudicial. Outra das medidas que se perseguíu foi a integración do expediente xudicial con dispositivos electrónicos de localización e control, que permitan a localización dos expedientes xudiciais deste órgano en calquera momento, a súa transferencia a outro arquivo do sistema, así como o seu expurgo.

Coa segunda parte buscou a creación dun sistema de xestión das pezas de convicción que ingresen no xulgado, permitindo a identificación e xestión dos bens mobles incautados nun procedemento xudicial, garantindo a súa autenticidade, trazabilidade e xestión das pezas. Tamén lle permitirá asignar un espazo físico dentro do depósito, así como publicar a imaxe electrónica do ben.

Este proceso, xa rematado no xulgado nº 1, preténdese continuar ao longo de 2018 noutros xulgados de primeira instancia e instrución, mesmo do devandito partido xudicial.

En canto a futuras creacións de xulgados, a Xunta de Galicia formula de xeito consensuado co Poder Xudicial en Galicia a proposta de creación de novos xulgados en función de criterios obxectivos de carga de traballo e do número de unidades xudiciais que contemplan crear os orzamentos xerais do Estado e a súa asignación concreta a Galicia.

As dúas variables, número de creación e carga de traballo, son analizadas na Comisión Mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia, a fin de elaborar a proposta de creación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:59**  
**Nº Rexistro: 26151**  
Data envío: 14/02/2018 13:59:17.810

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:59:12**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14085**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade e a utilidade da contratación da empresa EVERIS Spain SL para levar a cabo o proxecto dunha experiencia piloto dunha oficina xudicial en Ourense”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 18 de setembro de 2017 publicouse o Decreto 87/2017 polo que se regula a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia, tras ter sido presentado ás organizacións sindicais máis representativas do sector da xustiza e estar dispoñible na páxina web [www.xustiza.gal](http://www.xustiza.gal) para coñecemento dos axentes implicados e de todos os interesados.

O modelo de oficina xudicial é flexible para poder adaptarse á realidade dos distintos partidos xudiciais. Por iso, o recurso a empresas expertas na materia foi a solución empregada por outras comunidades autónomas como Andalucía, Cataluña, ou o mesmo Ministerio de Xustiza -durante os anos de goberno do PSOE- nas primeiras implantacións que se levaron a cabo en partidos como o de Burgos, Murcia, Mérida ou Cuenca.

No caso de Ourense, realizouse unha análise de situación específica, que parte, ademais, do coñecemento de experiencias previas noutros territorios para aproveitar estas vantaxes.

O obxectivo é debullar as mellores solucións para a súa implementación co acordo de todos os sectores implicados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2018 12:24**  
**Nº Rexistro: 26230**  
Data envío: 15/02/2018 12:24:11.710

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 12:23:28**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14089**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proceso de dixitalización e expurgo da documentación xudicial levada a cabo pola Dirección Xeral de Xustiza e sobre o número de expedientes transferidos aos Arquivos Xudiciais Territoriais”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a executar diversas actuacións co obxectivo de mellorar o funcionamento dos arquivos xudiciais, incidindo naquelas encamiñadas a salvagardar o patrimonio documental e que permiten desconxestionar os arquivos e oficinas xudiciais.

Así, a Xunta impulsou a elaboración de normas para facer efectiva a organización e expurgo da documentación xudicial; a creación, constitución e funcionamento da Xunta de Expurgo; e a elaboración dun plan inicial na materia. Neste marco, inscríbese o decreto 46/2009, do 26 de febreiro, relativo ao funcionamento dos arquivos xudiciais territoriais e á Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia; ou a orde do 4 de setembro de 2013, na que se estableceron as normas e modelos de transferencia da documentación xudicial e determinouse o inicio das actividades dos Arquivos Territoriais e da Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial. Tamén se dotou de persoal técnico aos 4 arquivos territoriais.

Grazas a todas estas actuacións, un millón de expedientes foron transferidos á Xunta de Expurgación Xudicial e aos arquivos históricos provinciais, atopándose expedientes históricos de relevancia. Neste ano, están planificadas novas actuacións neste sentido.

Por outra banda, a xestión eficiente do arquivo a través dunha aplicación informática ten como obxectivos a xestión do ciclo de vida dos documentos e expedientes xudiciais, así como o control das pezas de convicción existentes. Trátase de asegurar en ambos os casos a súa trazabilidade e localización, facilitando non só as transferencias entre os distintos arquivos ou depósitos do sistema, senón tamén o expurgo. Así mesmo, pretende facilitar a xestión do espazo físico dispoñible.

Actualmente, estase desenvolvendo un piloto con todas as funcionalidades nas provincias de Ourense e en Pontevedra. A previsión é implantar progresivamente o uso desta aplicación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:58**  
**Nº Rexistro: 26149**  
Data envío: 14/02/2018 13:58:58.575

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:58:54**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2018 13:58  
Nº Rexistro: 26147  
Data envío: 14/02/2018 13:58:39.638

Data 14/02/2018 13:58

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14112**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación laboral dos funcionarios e funcionarias da terceira planta da Audiencia Provincial de Pontevedra e as medidas do Goberno galego para solucionar o problema”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno na resposta ás iniciativas con número de rexistro 10915, 10916 e 10917, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que a Xunta de Galicia instalou un sistema de climatización (multi-split inverter) o pasado 5 de xullo para solucionar os picos de temperatura que se rexistraron nunha determinada zona da terceira planta da Audiencia Provincial de Pontevedra. En calquera caso, ademais desta solución, a planificación de obras de eficiencia enerxética prevé o posterior acondicionamento de toda a planta cun sistema propio de refrixeración.

Cómpre recordar, ademais, que o Goberno galego, no marco do seu Plan de infraestruturas, está a construír un novo edificio en Pontevedra, que reunirá todos os órganos xudiciais unipersoais da cidade, concretamente os xulgados do contencioso-administrativo, do social

e mercantís. Así, cando rematen as obras deste novo edificio xudicial, está previsto que se trasladen a estas novas instalacións os xulgados do social e os mercantís que, de xeito transitorio, están en parte ubicados na terceira planta da Audiencia de Pontevedra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:58**  
**Nº Rexistro: 26147**  
Data envío: 14/02/2018 13:58:39.638

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:58:34**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14278**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de galegos e galegas beneficiados pola entrada en vigor da Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio, e as limitacións existentes no caso de contraer matrimonio consular nun país onde non está recoñecido o matrimonio entre persoas do mesmo sexo”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas respostas ás iniciativas con número de rexistro 11268, 11269, 11270 e 11271, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2018 12:55**  
**Nº Rexistro: 26232**  
Data envío: 15/02/2018 12:55:58.299

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2018 12:55:02**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19341**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a proposta de localización das novas sedes xudiciais anunciadas polo Goberno central en Galicia, os criterios seguidos ao respecto e a información da Xunta de Galicia referida á súa efectiva posta en funcionamento, así como a súa opinión en relación coa existencia de máis necesidades urxentes”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Pola súa banda, a proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia.

En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

Na Conferencia Sectorial do pasado mes de xullo acordouse finalmente a creación de xulgados nas cidades da Coruña, Ourense, Vigo e Ferrol. En concreto, un xulgado do social na Coruña (o nº 6), un de primeira instancia en Ferrol (o nº 6), un de primeira instancia en Ourense (o nº 7) e un de primeira instancia en Vigo (o nº 15). O Goberno galego, como

sempre fixo, afrontará o custo que supón a posta en marcha desas unidades.

Finalmente, con relación a outras posibles necesidades de futuro, estas serán analizadas cando corresponda na Comisión Mixta, quen realizará a correspondente proposta de creación ponderando o binomio que representa, por unha banda, os módulos de carga de traballo e, pola outra, o número de unidades de nova creación que lle sexan asignadas a Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:58**  
**Nº Rexistro: 26146**  
Data envío: 14/02/2018 13:58:29.716

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:58:24**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20121**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jacobo Moreira Ferro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de execución no que se atopa o novo edificio xudicial de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Infraestruturas Xudiciais, cun investimento total previsto de 97 millóns de euros e impulsado pola Xunta de Galicia en 2010, comprende actuacións de rehabilitación, ampliación ou nova construción e obras de mantemento e mellora nos actuais edificios de xulgados. Trátase, ademais, dun plan adaptable ás novas necesidades que poidan ir xurdindo.

No período 2010-2016 realizáronse investimentos por máis de 48 millóns de euros, destacando os novos edificios xudiciais como os de Santiago, Ourense e o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución (SCACE) de Vigo, así como rehabilitacións integrais de edificios de carácter histórico, como a da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña e a construción da nova sede para o Rexistro Civil da Coruña. Tamén se acometeron outras obras importantes de acondicionamento ou mellora das instalacións, como poden ser as obras de climatización en Vigo, Vilagarcía de Arousa e Cambados ou importantes investimentos de mellora nos edificios dos xulgados de Coruña e Ferrol. En definitiva, neste período acometéronse investimentos nas infraestruturas da práctica totalidade dos partidos xudiciais de Galicia.

Continuando con este esforzo inversor, a Xunta de Galicia no 2017 procedeu ao inicio ou continuación das obras de dous importantes investimentos, como a rehabilitación integral do

antigo Hospital Xeral de Vigo como nova sede da Cidade da Xustiza e o novo edificio xudicial de Pontevedra.

O mes de setembro as obras do novo edificio xudicial da Parda entraron na segunda fase e continúan a bo ritmo, para que esta nova infraestrutura sexa unha realidade en 2018.

A infraestrutura poderá albergar ata 28 xulgados. Ao tempo, ampliará e complementará as infraestruturas actuais, integrándose co actual edificio, xa que este novo edificio estará comunicado a través dunha pasarela cuberta co actual edificio xudicial, formando un único complexo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2018 13:58**  
**Nº Rexistro: 26145**  
Data envío: 14/02/2018 13:58:19.716

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/02/2018 13:58:15**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18222**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a problemática existente en relación coa Estación de esquí de Cabeza de Manzaneda”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda está a vivir un bo momento grazas aos recentes avances no proxecto de innivación artificial que se levaron a cabo neste complexo, desde que abriu as súas portas o pasado 12 de xaneiro.

Estes novos dispositivos teñen como obxectivo asegurar as condicións de neve para alongar a tempada o máximo posible, nunha estación que, a día de hoxe, conta cun volume de esquiadores que supera os 20.000 no que vai de mes, cifra que se prevé incrementar con esta medida. Para acadalo, estase a traballar na posta en marcha deste sistema de xeración artificial de neve que fortalecerá o papel desta estación como un dos maiores recursos de Galicia no eido do turismo activo durante todo o ano, afondando así no obxectivo de desestacionalización que persegue o modelo turístico galego, con propostas atractivas tamén fóra de tempada alta.

A posta en marcha desta medida foi aprobada polo Consello de Administración da sociedade titular desta estación, Manzaneda Estación de Inverno SA (MEISA), na que a Xunta de Galicia forma parte do accionariado. Suporá a posta en valor deste complexo que conta, ademais, con instalacións para a práctica doutras disciplinas deportivas, zona infantil de xogos, zona multideporte para nenos, rocódromo, tiro con arco e mesmo paint ball.

A Estación de Manzaneda é a única estación de montaña e esquí de Galicia e constitúe un recurso con enorme potencialidade que está contribuíndo a afianzar o posicionamento de



Galicia como destino turístico diferencial. Impulsarase o seu papel fóra de tempada alta, un dos obxectivos marcados na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento consensuado co sector que fixa as liñas de traballo cara ao Xacobeo 2021 e que consolida o papel de Galicia como destino atractivo, de calidade, responsable e comprometido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26029**  
Data envío: 12/02/2018 16:14:41.807

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 16:14:23**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12343**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o modelo de xestión da lonxa de Ribeira**”, (publicada no BOPG número 149 do 20 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A nova lonxa de Ribeira está a funcionar dende o pasado mes de agosto en plenas condicións de normalidade e sen que dende Portos de Galicia se teñan detectado incidencias de envergadura na prestación do servizo de explotación desta infraestrutura que leva a cabo a UTE Lonxa de Ribeira, concesionaria da mesma.

Cómpre recordar que durante todo o proceso para o outorgamento da autorización administrativa correspondente para a explotación do novo edificio, Portos de Galicia e concretamente a súa directiva, mantivo un contacto directo co sector e os traballadores e empresas que operan na lonxa, así como cos actuais xestores e, nomeadamente a Confraría de Pescadores. Por este motivo, Portos de Galicia coñece de xeito detallado e riguroso o funcionamento da lonxa e as necesidades plantexadas polos seus usuarios e está a dar resposta a elas, proba do cal é o feito de que a actividade estase a desenvolver con absoluta normalidade. En canto á xestión diaria, como é sabido, corresponde non directamente ao ente público senón a unha unión temporal de empresas que resultou concesionaria por concurso público, a citada UTE Lonxa de Ribeira.

Polo que respecta ás taxas aplicadas por Portos de Galicia son as que se recollen na Lei de Taxas da comunidade autónoma aprobada polo Parlamento de Galicia, sen excepción discrecional algunha, como non pode ser doutro xeito. Dende a propia concesionaria tense

clarexado a este respecto que os armadores manteñen as taxas que viñan pagando con anterioridade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:35**  
**Nº Rexistro: 26349**  
Data envío: 16/02/2018 13:35:11.876

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:35:06**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13834**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o estado de saneamento das rías galegas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O argumento da perda produtiva xeral do marisqueo nas rías galegas nos últimos anos non se sostén se temos en conta os rexistros de descargas nas lonxas de Galicia.

O sector marisqueiro en Galicia explota un conxunto variado de recursos mariños, fundamentalmente:

- Moluscos bivalvos infaunais (ameixas e berberechos) que apañados polos colectivos de marisqueo a pé e a flote.
- Moluscos bivalvos epifaunais (vieira, volandeira, ostra), que se extraen mediante rastros remolcados e bou de vara.
- Recursos específicos, nos que se engloba un conxunto variado de organismos como o percebe, ourizo de mar, navallas e longueiróns, algas, orella de mar, anémones ou poliquetos.

De todo este conxunto, no 2016 extraeuse un total de 9.217 toneladas, valor que ee sitúa en torno a media dos últimos 15 anos (8.800 Tm), sendo ademais o máis alto dos últimos 5 anos .

Tamén hai que sinalar que a meirande parte da produción (7.647 toneladas, 83%) pertence o grupo dos bivalvos.

Economicamente, no ano 2016 o marisqueo xerou un total de 83,6 millóns de euros en primeira venda, sendo o valor máis elevado dos últimos oito anos, debido a confluencia da recuperación produtiva antes sinalada e a progresiva recuperación dos prezos en lonxa que se leva producindo dende o 2013.

Por sectores produtivos, o marisqueo a pé e a flote serían os colectivos con maior importancia económica, repartíndose entre os dous o 80% do valor xerado (60,1 millóns de €), seguidos dos percebeiro/as, con 7,3 millóns de euros (10 € do conxunto).

Se ben, todo coñecemento científico que se poda xerar do estudo do medio e dos recursos mariños é fundamental para o correcto desenvolvemento da xestión do marisqueo, especialmente nos últimos anos nos que nalgúñas zonas existen problemas, por exemplo co berberecho. Por este motivo, a Consellería do Mar leva promovendo estudos mediante o financiamento de proxectos de investigación como son o proxecto cockles, o convenio da navalla coa Universidade de Vigo, o estudo do reló, etc.

Por último, hai que sinalar que dende 2010 recuperáronse preto de 8 millóns de m<sup>2</sup> de superficie de zonas improdutivas, cun investimento de 5 millóns de euros destinados a 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas.

Por outra banda e en relación ao saneamento das rías galegas, o Goberno galego ten avanzado moito nos últimos oito anos, aínda que queda camiño por percorrer e estanse poñendo as bases para acadalo. En total, investíronse máis de 1.000 millóns de euros dende o ano 2009, dos que 600 foron para as rías, o que demostra o compromiso deste Goberno co seu saneamento. En total, executáronse 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos.

Un dos obxectivos deste esforzo inversor foi dotar ás grandes cidades galegas dos máis avanzados servizos de depuración. Entre eles destacan a EDAR de Lagares en Vigo, o saneamento integral de Ferrol ou a EDAR de Bens. En total, desde 2009 construíronse 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a máis de 1,7 millóns de persoas.

Actualmente, o Goberno galego traballa co obxectivo de acadar no ano 2020 o saneamento integral das rías.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:42**  
**Nº Rexistro: 26111**  
Data envío: 13/02/2018 13:42:09.537

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:42:04**





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13872**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez , sobre **“os contactos entre a Consellería do Mar e os representantes das confrarías da ría de Arousa para tratar o restablecemento do control da ría e corrixir a deterioración dos bancos marisqueiros”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 24.10.2017- ao darlle resposta á pregunta 17902 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 13:34**  
**Nº Rexistro: 26346**  
Data envío: 16/02/2018 13:34:39.126

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 13:34:34**



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 13891**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a posibilidade de solicitarlle ao Goberno de España a modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar para incrementar o coeficiente redutor dos mariscadores”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde hai máis de 25 anos a Consellería competente en materia marítimo pesqueira ven apostando pola profesionalización do sector marisqueiro.

Foi no ano 1991 cando a daquela Consellería de Pesca chega a un pacto co sector para profesionalizar o labor de mariscadora. Dende 1993 e ata 2000 procedeuse a unha incorporación progresiva á cotización en canto que se foron mellorando as rendas, comezando a ser obrigatorio dende o ano 2000.

Naquel entón, e para minorar o impacto económico que a cotización podería supor nas mariscadoras, habílanse axudas en conxunto coa Consellería de Traballo para sufragar, durante o ano 2000, as contías das cotizacións.

Este Goberno sempre apostou por mellorar pouco a pouco as rendas destas traballadoras co obxectivo de que puideran pagar mellor a cotización. Neste senso, a media de ingresos do ano 2016 foi a máis alta da serie histórica, atopándose nun 27% por riba da media. Amais, a media de ingresos anuais dos mariscadores medrou nun 22% desde 2009.

Asemade, dende ese mesmo ano téñense xerado máis de 1.700 permisos de explotación marisqueira, sendo en 2015 o primeiro ano da serie histórica iniciada coa profesionalización da actividade no ano 2000 no que sube o número de permex de marisqueo a pé.



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26385**  
Data envío: 16/02/2018 15:08:54.193

En definitiva, neste asunto lévase traballando moito tempo pero cremos que a proposta dunha solicitude de modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar debe facerse despois dunha análise detallada e, ademais, unha vez remate a reforma do novo regulamento de clasificación de buques, de cara a adaptar xa os seus contidos aos COES axeitados para eles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26385**  
Data envío: 16/02/2018 15:08:54.193

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 15:08:33**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15297**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os obxectivos dos distintos convenios asinados polo Goberno galego coa asociación de empresarios de construción naval en madeira Agalcari para impulsar a carpintería de ribeira, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto das iniciativas de posta en valor das embarcacións tradicionais e das carpinterías de ribeira”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar aposta pola dinamización e polo impulso da construción de embarcacións en madeira, debido a que conxuga tradición e futuro, facendo fincapé neste tipo de construción de embarcacións que fomentan as técnicas de navegación e dos oficios do mar. Ademais, este tipo de embarcacións teñen unha maior adaptabilidade ao medio e valor ambiental pola súa menor pegada de carbono.

Por tanto, anunciar que efectivamente se teñen levado accións concretas para a recuperación de embarcacións tradicionais. Concretamente para o pasado ano 2017 se asinou un convenio entre a Consellería do Mar e a Asociación Empresarial Galega de Carpinterías de Ribeira (en adiante, Agalcari), por unha contía de 28.000 euros. As finalidades deste convenio son as seguintes:

- A realización das actividades propias da dinamización e fomento da carpintería de ribeira.

- Actividades de funcionamento da propia Asociación en canto contribúe a dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Mantemento e actualización da páxina web da Asociación.
- Edición de boletíns informativos e calquera outro gasto de difusión sobre as actividades.
- Organización de reunións, seminarios, congresos, feiras e outros ou no seu caso asistencia a este tipo de eventos que teñan como obxecto a promoción e fomento da construción naval en madeira.
- Realización de estudos e edición de publicacións sobre a carpintería de ribeira.
- Adquisición de equipamento necesario para o funcionamento da asociación ou a realización das actividades.

Agalcari é unha Asociación de empresarios de construción naval en madeira que ten como misión a dinamización económica e produtiva da construción naval en madeira e as súas empresas, o recoñecemento social da actividade e a protección e preservación do seu inestimable valor como parte viva do patrimonio marítimo, cultural e etnográfico.

Integran esta entidade un total de 20 estaleiros, dando emprego directo a máis de cen persoas, e indirectamente a cincocentas personas.

En cando a se se garanten espazos nos portos de titularidade autonómica, sinalar que sí, e existen portos con dársenas que xestionan directamente algunha destas asociacións que se dedican á posta en valor destas embarcacións. Por outra banda, en canto a se se vai a facilitar a creación de 'Mariñas tradicionais' hai que dicir que xa se están facendo en distintos portos de Galicia.

Por último, dentro das medidas para fomentar o sector marítimo – cultural como axente dinamizador dentro dos portos, incidir no xa sinalado na Comisión 8ª, que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, despois dun traballo conxunto con AGALCARI e con outros expertos, incoou a declaración coma Ben de Interese Cultural (BIC) da manifestación sobranceira do



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26028**  
Data envío: 12/02/2018 16:08:08.180

patrimonio inmaterial de Galicia da técnica da carpintería de ribeira, a maiores de todas as accións de promoción anteriormente sinaladas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 718451d5-f706-32f1-7cf2-40dd49f516b8



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26028**  
Data envío: 12/02/2018 16:08:08.180

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 16:08:03**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **18634**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do malestar xerado nos colectivos de membros do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación co Decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 28 de xullo de 2017, a súa opinión en relación coas melloras que introduce ese decreto e a súa valoración respecto da redacción que presenta”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A lei de gardacostas establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distingue se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola asesoría xurídica xeral no seu informe do decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:41**  
**Nº Rexistro: 26107**  
Data envío: 13/02/2018 13:41:41.287

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:41:37**



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19014**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos efectos do estado de saneamento das rías na produción marisqueira, a súa opinión referida ás causas da súa diminución e as xestións realizadas ou previstas diante da Unión Europea para acadar un tratamento distinguido para as zonas de cultivo e extracción de bivalvos que redunde na mellora das condicións e da protección do sector no caso de dificultades para o traballo”**, (publicada no BOPG número 199, do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio**, que ten o seguinte contido:

“O argumento da perda produtiva xeral do marisqueo nas rías galegas nos últimos anos non se sostén se temos en conta os rexistros de descargas nas lonxas de Galicia.

O sector marisqueiro en Galicia explota un conxunto variado de recursos mariños, fundamentalmente:

- Moluscos bivalvos infaunais (ameixas e berberechos) que apañados polos colectivos de marisqueo a pé e a flote.
- Moluscos bivalvos epifaunais (vieira, volandeira, ostra), que se extraen mediante rastros remolcados e bou de vara.
- Recursos específicos, nos que se engloba un conxunto variado de organismos como o percebe, ourizo de mar, navallas e longueiróns, algas, orella de mar, anémones ou poliquetos.

De todo este conxunto, no 2016 extraeuse un total de 9.217 toneladas, valor que ee sitúa en torno a media dos últimos 15 anos (8.800 Tm), sendo ademais o máis alto dos últimos 5 anos .

Tamén hai que sinalar que a meirande parte da produción (7.647 toneladas, 83%) pertence o grupo dos bivalvos.

Economicamente, no ano 2016 o marisqueo xerou un total de 83,6 millóns de euros en primeira venda, sendo o valor máis elevado dos últimos oito anos, debido a confluencia da recuperación produtiva antes sinalada e a progresiva recuperación dos prezos en lonxa que se leva producindo dende o 2013.

Por sectores produtivos, o marisqueo a pé e a flote serían os colectivos con maior importancia económica, repartíndose entre os dous o 80% do valor xerado (60,1 millóns de €), seguidos dos percebeiro/as, con 7,3 millóns de euros (10 € do conxunto).

Se ben, todo coñecemento científico que se poda xerar do estudo do medio e dos recursos mariños é fundamental para o correcto desenvolvemento da xestión do marisqueo, especialmente nos últimos anos nos que nalgúns zonas existen problemas, por exemplo co berberecho. Por este motivo, a Consellería do Mar leva promovendo estudos mediante o financiamento de proxectos de investigación como son o proxecto cockles, o convenio da navalla coa Universidade de Vigo, o estudo do reló, etc.

Por último, hai que sinalar que dende 2010 recuperáronse preto de 8 millóns de m<sup>2</sup> de superficie de zonas improdutivas, cun investimento de 5 millóns de euros destinados a 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas.

Por outra banda, e en relación ao saneamento das rías galegas, o Goberno galego ten avanzado moito nos últimos oito anos, aínda que queda camiño por percorrer e estanse poñendo as bases para acadalo. En total, investíronse máis de 1.000 millóns de euros dende o ano 2009, dos que 600 foron para as rías, o que demostra o compromiso deste Goberno co seu saneamento. En total, executáronse 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos.

Un dos obxectivos deste esforzo inversor foi dotar ás grandes cidades galegas dos máis avanzados servizos de depuración. Entre eles destacan a EDAR de Lagares en Vigo, o saneamento integral de Ferrol ou a EDAR de Bens. En total, desde 2009 construíronse 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a máis de 1,7 millóns de persoas.

Actualmente, o Goberno galego traballa co obxectivo de acadar no ano 2020 o saneamento integral das rías”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/02/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 25871**  
Data envío: 08/02/2018 18:48:18.118

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2018 18:48:14**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19457**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 23 de xuño de 2017 en relación coa situación de peche da pesqueira da cigala na zona VIIIc e as súas repercusións para a flota galega de arrastre”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente o pasado 23 de xuño de 2017 aprobouse non unha, senón varias Proposicións non de lei sobre a necesidade de reabrir a pesquería de CIGALA VIIIc para o ano 2018, todo a pesar que había unha intención de todas as forzas políticas en facer unha Proposición non de lei conxunta.

Por outra banda, efectivamente somos coñecedores dos resultados do estudo realizado polo IEO a propósito da pesquería desta cigala, no que se recomenda a reapertura desta pesquería para a zona VIIIc, despois dos datos presentados para o ano 2015 e 2016 nos que se recoñecía a abundancia de stock.

Neste sentido, o ICES recomenda que haxa reaperturas con cuota reducida e que ademáis debe aplicar un enfoque de precaución para protexer as existencias nestas unidades.

Por último, os resultados das negociacións dos TAC e cotas para 2018, no tocante ao peche da cigala, a Comisión demandou ao Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES) que reavalie a pesquería tendo en conta os datos achegados polo Goberno de

paxina 1 de 2

España, cuestión de suma importancia xa que o ditame de peche era válido para os exercicios 2017, 2018 e 2019. Cabe sinalar tamén que nas augas de Gran Sol e Francia obtívose un aumento do 15% na cota da cigala.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:41**  
**Nº Rexistro: 26104**  
Data envío: 13/02/2018 13:41:31.505

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:41:26**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19871**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xestión para a construción dunha rampla no peirao de Esteiro, en Muros, para a baixada e subida de embarcacións, o mantemento dalgunha conversa co Patrón Maior de Muros ao respecto e, se é o caso, os compromisos acadados”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego ten vontade de dotar dunha rampla ao peirao de Esteiro, no municipio de Muros, e está a traballar nese sentido para dar resposta á demanda recibida pola Confraría de Pescadores de Muros. Esta actuación está supeditada á tramitación ambiental que implica o cumprimento dos requisitos administrativos impostos polo organismo ambiental competente a nivel do Estado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:41**  
**Nº Rexistro: 26101**  
Data envío: 13/02/2018 13:41:08.443

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:41:03**



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20625**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación de perda progresiva de contacto co sector que existe entre os investigadores e os traballadores directos do mar, o estudo da posibilidade de creación dunha entidade autonómica que aglutine e coordine as labores de investigación relacionadas co sector pesqueiro e o coñecemento das súas demandas referidas á necesidade dunha investigación máis aplicada e de máis impacto, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de investigación deste departamento, (CIMA, Cetmar, IGafa e INTECMAR), xa se atopan perfectamente coordinados pola propia Consellería do Mar, como órgano superior que, entre outras tarefas, coordina toda a acción investigadora dos diferentes entes.

Existe ademais un centro tecnolóxico, o Cetmar, que contribúe a coordinar toda as accións de investigación, e que plasma ese incremento nunha cifra constante de aumento dos fondos que levan aparelados os proxectos, que pasaron dos 50 millóns de euros no 2009 aos máis de 275 millóns de euros no 2017.

Este centro naceu precisamente con este espírito de coordinar os diferentes proxectos de investigación que se fan tanto entre os diferentes entes da Consellería, como da Universidade, ou entre administracións, como pode ser o caso do IEO (Instituto Español de Oceanografía) ou do CSIC, dependentes do Goberno central.

En todo caso, debe entenderse que podería darse un problema ao crear institutos ou entes superiores que aglutinen diferentes centros que dependen de distintas administracións e non son competencia directa da Xunta de Galicia.



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:38**  
**Nº Rexistro: 26391**  
Data envío: 16/02/2018 16:38:53.432

Entendemos que este traballo dos centros de investigación non se atopa lonxe da realidade do sector, senón que contribuíu a relanzar a súa actividade, dándose exemplos como a reversión da tendencia da evolución das cotas, facendo que desde 2009, a cota para Galicia medrase nun 80%, que supuxo 80.000 toneladas máis e un crecemento económico potencial de máis de 210 millóns de euros.

Amais, cos datos obtidos e apoiados e indo da man do sector e dos científicos, aumentáronse as zonas de produción marisqueira e entre 2010 e 2017, recuperamos máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie, grazas á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas. Xa por último, co traballo conxunto de sector e científicos puidemos desenvolver medidas que puxeran certeza e firmeza aos parámetros de análise da presenza da toxina nas conservas de mexillón”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**

paxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:38**  
**Nº Rexistro: 26391**  
Data envío: 16/02/2018 16:38:53.432

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 16:38:48**



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2018 16:38  
Nº Rexistro: 26389  
Data envío: 16/02/2018 16:38:34.323

Data 16/02/2018 16:38

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21237**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgunha actuación de estudo ou rexeneración da ría do Barqueiro, no concello de Mañón, así como das regresións dos areais e correntes da zona e, se é o caso, os prazos previstos para eses fins”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O ente público Portos de Galicia estudará a viabilidade de calquera proposta para o incremento do calado que lle sexa trasladada ou solicitada dende o sector con todos os condicionantes ambientais, administrativos e económicos que existen para o conxunto das actuacións de dragaxe nos 122 peiraos de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2018 16:38**  
**Nº Rexistro: 26389**  
Data envío: 16/02/2018 16:38:34.323

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2018 16:38:30**





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **21399**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións concretas e os prazos previstos polo Goberno galego para a recuperación das embarcacións tradicionais, a valoración da posibilidade de garantir espazos para o seu amarre nas dársenas de titularidade autonómica e as súas intencións respecto da creación da figura das “Mariñas tradicionais” naqueles portos onde existe flota de embarcacións tradicionais, así como as medidas que vai adoptar para posibilitar a actuación do sector marítimo-cultural como axente dinamizador nos portos autonómicos”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar aposta pola dinamización e polo impulso da construción de embarcacións en madeira, debido a que conxuga tradición e futuro, facendo fincapé neste tipo de construción de embarcacións que fomentan as técnicas de navegación e dos oficios do mar. Ademais, este tipo de embarcacións teñen unha maior adaptabilidade ao medio e valor ambiental pola súa menor pegada de carbono.

Por tanto, anunciar que efectivamente se teñen levado accións concretas para a recuperación de embarcacións tradicionais.

Concretamente para o pasado ano 2017 se asinou un convenio entre a Consellería do Mar e a Asociación Empresarial Galega de Carpinterías de Ribeira (en adiante, Agalcari), por unha contía de 28.000 euros. As finalidades deste convenio son as seguintes:

- A realización das actividades propias da dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Actividades de funcionamento da propia Asociación en canto contribúe a dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Mantemento e actualización da páxina web da Asociación.
- Edición de boletíns informativos e calquera outro gasto de difusión sobre as actividades.
- Organización de reunións, seminarios, congresos, feiras e outros ou no seu caso asistencia a este tipo de eventos que teñan como obxecto a promoción e fomento da construción naval en madeira.

- Realización de estudos e edición de publicacións sobre a carpintería de ribeira.
- Adquisición de equipamento necesario para o funcionamento da asociación ou a realización das actividades.

Agalcari é unha Asociación de empresarios de construción naval en madeira que ten como misión a dinamización económica e produtiva da construción naval en madeira e as súas empresas, o recoñecemento social da actividade e a protección e preservación do seu inestimable valor como parte viva do patrimonio marítimo, cultural e etnográfico.

Integran esta entidade un total de 20 estaleiros, dando emprego directo a máis de cen persoas, e indirectamente a cincocentas personas.

En cando a se se garanten espazos nos portos de titularidade autonómica, sinalar que sí, e existen portos con dársenas que xestionan directamente algunha destas asociacións que se dedican á posta en valor destas embarcacións. Por outra banda, en canto a se se vai a facilitar a creación de ‘Mariñas tradicionais’ hai que dicir que xa se están facendo en distintos portos de Galicia.

Por último, dentro das medidas para fomentar o sector marítimo – cultural como axente dinamizador dentro dos portos, incidir no xa sinalado na Comisión 8ª, que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, despois dun traballo conxunto con AGALCARI e con outros expertos, incoou a declaración coma Ben de Interese Cultural (BIC) da manifestación sobranceira do patrimonio inmaterial de Galicia da técnica da carpintería de ribeira, a maiores de todas as accións de promoción anteriormente sinaladas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:46**  
**Nº Rexistro: 26116**  
Data envío: 13/02/2018 13:46:03.867

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:45:41**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21530**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á situación do relevo xeracional no sector pesqueiro, as medidas que vai adoptar para garantilo e as actuacións concretas previstas ao respecto, así como a súa opinión en relación coa incidencia que van ter nel os recortes orzamentarios levados a cabo en materia de formación para a xuventude e na axuda inicial para persoas novas pescadoras”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde xaneiro de 2016 gañamos afiliados ao Instituto Social da Mariña e, ademais, o saldo a decembro 2017 é positivo en 259 persoas.

Pola contra, compre lembrar que entre 2005 e 2009 se perderon un total de 3.887 afiliados.

En todo caso, dende a Consellería do Mar seguiremos a traballar para acadar un relevo xeracional no sector pesqueiro galego.

Entre as medidas e as accións concretas levadas á cabo dende a chegada deste Goberno á Xunta de Galicia, cómpre sinalar as negociacións para conseguir aumentar as cotas de pesca para Galicia, que dende o 2009 o fixeron en máis de 80.000 toneladas e que supuxo un aumento na facturación de máis de 200 millóns de euros.

Por outra banda e dentro destas medidas, eliminamos a partida dedicada a despezar buques e por iso se incrementan os fondos destinados ás ensinanzas marítimo-pesqueiras, que volven a medrar neste ano nun 2,5%, acumulando máis dun 7% nos dous últimos orzamentos.

A maiores, axustamos a partida destinada á compra de embarcacións por parte de mozos destinando máis de 300.000 euros e a eles sumámoslles outros 435.000 que irán empregados en formación a bordo para menores de 30 anos, o que o montante global destinado á

incorporación de xente nova medra porcentualmente nun 50%. Existen varias liñas de axudas neste eido:

- Para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cunha liña de axudas de máis de 610.000 euros. Ao abeiro destas achegas a Consellería do Mar destina medio millóns de euros para subvencionar ata un 25% a adquisición do primeiro barco pesqueiro para persoas menores de 40 anos, ata un máximo de 75.000 euros.
- Para realizar actuacións por parte dos propietarios de buques pesqueiros que realicen investimentos que fomenten a pesca sustentable dende o punto de vista medioambiental, por un importe de 2,6 M €. Ao abeiro destas achegas, os donos de buques poderán acceder ás subvencións para limitar o impacto da pesca ou que melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques e aqueles relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático.

Por último, seguimos apostando pola formación, de xeito que para os orzamentos deste ano 2018 se incrementa un 2,5% os fondos destinados ás ensinanzas marítimo – pesqueiras, acumulando xa unha suba do 7% nos dous últimos orzamentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2018 13:40**  
**Nº Rexistro: 26097**  
Data envío: 13/02/2018 13:40:20.130

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/02/2018 13:40:14**



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22213**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos**”, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o día 2 de febreiro de 2018 polo director xeral de Planificación e Orzamentos ao dar resposta a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 22211, sobre igual tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 13:03**  
**Nº Rexistro: 25996**  
Data envío: 12/02/2018 13:03:33.640

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 13:03:12**





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23608**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“o prazo de apertura para o albergue de peregrinos e peregrinas de Ourense, a súa accesibilidade e as actuacións que vai levar a cabo Turismo de Galicia para a dar a coñecer esta nova infraestrutura”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Desde Turismo de Galicia séguese a traballar no proxecto do novo albergue de peregrinos na cidade de Ourense, na Vía da Prata, un dos seus compromisos coa posta en valor e diversificación dos diferentes itinerarios xacobeos na nosa Comunidade.

Esta nova infraestrutura converterase nun dos albergues máis emblemáticos do Camiño de Santiago, ao tratarse da rehabilitación dun vello edificio situado no casco histórico. Deste xeito, contribúese á mellora do patrimonio dos galegos e bríndase a oportunidade de enriquecer o aloxamento dos peregrinos.

Como adoita ser habitual neste tipo de actuacións, ao tratarse dun inmovible antigo xa existente, ao longo da rehabilitación foi necesario atender ás circunstancias que foron xurdindo, desde saneamento e accesibilidade a cimentación ou impermeabilización no edificio tendo sempre en conta as construcións anexas.

Está previsto que nas próximas semanas o proxecto entre na súa última fase, co ritmo habitual destas tarefas, que inclúe, entre outras accións, a colocación dos pavimentos ou o pintado das estancias. Ademais, cóntase xa cunha partida destinada a mobiliario. A previsión é que os traballos rematen durante o verán.

Cómpre salientar que, mentres avanza esta actuación, os peregrinos que chegan á cidade de Ourense siguen a ser atendidos no albergue da rúa Emilio Pardo Bazán, o que garante o mantemento desta fórmula de acollida que a Xunta de Galicia mantén con máis de 70 albergues en toda a Comunidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/02/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 26025**  
Data envío: 12/02/2018 16:07:15.492

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/02/2018 16:06:53**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727